# PLAN DE CONVIVENCIA

REVISIÓN Nº: 2

Data: 7/09/21

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 5/05/2009

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 5/05/2009

DATA 1ª REVISIÓN: 10/10/17

DATA 2ª REVISIÓN: 7/09/21

**Este documento intégrase no PEC e resulta coherente coas súas directrices.**
**Ten en conta propostas do claustro.**
**Foi elaborado pola comisión de convivencia e informado polo consello escolar.**

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.
**A concreción anual do mesmo incluirase na PXA.**

As normas de organización e funcionamento do centro incluirán as normas de convivencia que garanten o cumprimento do plan de convivencia. Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.

# TÁBOA DE CONTIDO


**1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.** ..........

**2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.** ..........

**3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.** ..........

3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras ..........

**i. Actividades do plan de acollida.** ..........

**ii. Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual.** ..........

**iii. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.** ..........

**iv. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.** ..........

**v. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo** ..........

**vi. Aula de convivencia inclusiva.** ..........

3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións: ..........

**i. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.** ..........

**ii. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.** ..........

**iii. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórlle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.** ......

3.3. Protocolo de Absentismo. ..........

3.4. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia. ..........

**i. Formación do profesorado (cursos, seminarios, PPFP )** ..........

**ii. Escola de nais e pais. Creación das escolas de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.** ..........

3.5. Normas de convivencia do centro ..........

3.6. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento. ..........

**i. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección** ..........

**ii. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección** ..........

**iii. Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado).** ..........................................................................................................................
**iv. Gradación das medidas correctoras (art.34)**..........................................................................
**v. Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2º)** ......................................................................
**vi. Prescrición de condutas e de correccións (art. 56).** ..................................................................
3.8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno. .......................................................................................
3.9. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia. ....................................................
3.10. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia. .........

## 1 – ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO.

- **CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO QUE CONTEXTUALIZAN A INTERVENCIÓN EDUCATIVA.**

### 1.1.1- DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

**Denominación: CEIP A Lomba**

**Código do Centro:** 36012407

**Domicilio:** Edificio A Lomba: A Xunqueira s/n
Edificio Anexo: Xardíns Dr. Fleming s/n

**Localidade:** Vilagarcía de Arousa

**Provincia:** Pontevedra

**Código Postal:** 36600

**C.I.F:** Q8655181I

**Teléfono:** 886151805/ 886151847 (Anexo)

**Fax:** 886151810 / 886151848 (Anexo)

**Correo electrónico:** ceip.alomba@edu.xunta.es

**Número de unidades:** 9 unidades de Educación Infantil
18 unidades de Educación Primaria

**Nº de alumnos:** Normalmente roldamos entre os 460 e os 500 alumnos. A ratio completa sería de 481 alumnos.

**Horario xeral**:
Horario de apertura e peche do centro: 9:00-18:00. Excepcionalmente a hora de peche pode variar por cambios na programación de actividades.
**Horario lectivo:** 9:15-14:15

**Actividades extraescolares:** Polo de agora non se contemplan xa que a situación sociosanitaria non nolo permite.

**Adscrición do Centro:** IES Castro Alobre

## 1.1.2- SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA ZONA

O CEIP A Lomba atópase no concello de Vilagarcía de Arousa. **Vilagarcía de Arousa** é un concello da provincia de Pontevedra, pertencente á Comarca do Salnés.

Vilagarcía de Arousa atópase na parte meridional da ría de Arousa formando unha ampla enseada. Ten unha extensión de 47,14 km². Limita ao norte con Catoira, ao leste con Caldas de Reis e ao sur con Vilanova de Arousa. O extremo norte do concello, a parroquia de Bamio, sitúasexana confluencia do río Ulla co océano mentres que no sur destaca o Monte Lobeira cunhas boas vistas de toda a baía.
A súa extensión repártese en parroquias: Arealonga (Santa Baia) | Bamio (San Xens) | O Carril (Santiago) | Cea (San Pedro) | Cornazo (San Pedro) | Fontecarmoa (San Pedro) |Rubiáns (Santa María) | Sobradelo (San Salvador) | Sobrán (San Martiño de Fóra) | Sobrán (San Martiño) | Solobeira (San Fins) |Vilagarcía (Santa Baia). Tamén se reparte en varios barrios: San Roque, 1San José, 1A Escardia, 1Espiñeira, Os Durans, Castro, 1A Baldosa, 1Centro, 1A Maroma, 1As Bocas, 1Cornazo de Abaixo, 1A Xunqueira, 1Vilaboa, A Laxe, 1A Coca, 1O Piñeiriño, 1As Carolinas e 1A Florida
Vilagarcía, capital da Ría de Arousa e porto natural de Santiago de Compostela. Polas súas características xeográficas, é un foco de atracción para moitaspersoas, que escollen esta cidade para fixa-la súa residencia, xa sexa primeira, segunda ou de vacacións. Segundo o padrón municipal, a súapoboación no ano 2010 era de 37.926 persoas, sendo a novena cidade galega en poboación e a terceira da provincia tras Vigo e Pontevedra.
Poucascidades poden ofrecer unha situación e un clima como o que goza Vilagarcía, á beira do mar e sen temperaturas estremas, e, ademais, porto de interese xeral, estación do ferrocarril, acceso directo á autopista, aeroporto a media hora de camiño, hospital, recinto feiral, cámara de comercio, un rico patrimonio histórico-artístico, unha gastronomía naélite galega, comercio tradicional e franquías internacionais, praia e porto deportivo con bandeira azul, paseo marítimo, complexo polideportivo que inclúe piscina e estadio de atletismo, festas de interese turístico e unha ampla e variada oferta lúdica, cultural e deportiva.
Vilagarcía, que ten festas declaradas "de interese turístico" (procesión de San Roque, Festa da Auga, Festa da Ameixa de Carril, Combate Naval, Mostra do Albariño...), está a media hora de Santiago (Patrimonio da Humanidade) e de Vigo, coa súa oferta comercial e lúdica, a 25 quilómetros de Pontevedra, a capital provincial, a 12 de Cambados (Festa do Albariño

e conxunto histórico), a 30 do Grove (Festa do Marisco) e A Toxa (Gran Hotel e Balneario), a 8 de Catoira (RomaríaViquinga), a 25 de Sanxenxo (capital do turismo galego), e a poucomáisdunha hora de Portugal por autovía.

### 1.1.3- INFRAESTRUCTURA

O centro ten dous edificios separados entre eles unha distancia de 2 Km aproximadamente.

O edificio de A Lomba é un edificio de nova construción de tres plantas. Na planta baixa encóntranse as aulas de Educación Infantil, Conserxería, Secretaría, Dirección, Xefatura de Estudios, Orientación, Sala de Profesores, Almacén, Cociña e Comedor. Na primeira planta atopamos as aulas de 1º, 2º e 3º, a aula de Apoio, a aula de Informática, a aula de Música, a aula Pedagoxía Terapéutica, a aula de Audición e Linguaxe, a Biblioteca e a Sala de Usos Múltiples. Naterceira planta encóntranse as aulas de 4º, 5º e 6º, a aula de Atención Educativa e o Ximnasio.

Cóntase tamén dentro do recinto cun pavillón, unha pista polideportiva e un patio que se comparte co CEIP Arealonga.

O edificio do Anexo é un edificio antigo de dúas plantas. Na planta baixa sitúanse as aulas de Educación Infantil, a aula de Informática, a aula de Audición e Linguaxe, Conserxería, a sala de Psicomotricidade e un espazo reservado para a ANPA. Na primeira planta están 6 aulas de Educación Primaria, unha sala de material e reprografía, a sala de Profesores, a aula de Pedagoxía Terapéutica e a Biblioteca. Tamén ten un patio de recreo máis ben pequeno. Non dispón de ximnasio nin pavillón polo que temos que desprazarnos ao Colexio de Educación Especial que temos a carón e que amablemente nos prestan unhas horas, non cubrindo todas as de E. F.

Estos últimos cursos non podemos contar coas instalacións debido á situación sociosanitaria, polo que as clases de EF realizaranse na entrada – salón e ao aire libre cando o tempo o permita.

Neste anexo a ratio das clases é de 20 alumnos por aula debido a escaseza de espazo nas mesmas.

O centro ten dúas ANPAs con características e intereses bastante distintos. Unha que representa aos pais e nais do edificio da Lomba e outra que representa aos do edificio Anexo. A ANPA máis representativa, nestes momentos, é a pertencente ao edificio Anexo.

### 1.1.4- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DO CENTRO

**Comedor Escolar.**

O Comedor Escolar dispón de 202 prazas. O seu horario e de 14:15 a 15:30. O número de alumnos/as de Educación Infantil no comedor vén sendo de entre 50 e 70 cada ano. O resto son alumnos/as de Educación Primaria. Ademais disfruta do servizo de comedor o alumnado do Anexo que vén en autobús dende o outro edificio.

Debido á situación derivada polo COVID19, e atendendo ao seu Protocolo de Adaptación , dende o curso pasado realizanse dúas quendas neste servizo.

| Quenda | Horario | cursos | Saída |
|---|---|---|---|
| 1ª **Amarelo** | 14:00-14:35 | Ed. Infantil 1º,2º,3º e 6º EP Edificio A Lomba | 15:00-15:15 |
| 2ª **Azul** | 14:45-15:20 | Alumnado Anexo 4º e 5º Ed. Primaria | 15:15- 15:30 |

O persoal de vixilancia está composto por 10 colaboradores/as para tal efecto. Fan uso do comedor tamén os coidadores e os tres empregados da cociña.

**Transporte escolar.**

Aporcentaxe de alumnos/as estimada que se despraza en transporte escolar é dun 25% aproximadamente.

### 1.1.5 ALUMNADO TOTAL DO CENTRO

| CURSO | A | B | C | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **3 ANOS** | 13 | 13 | 15 | 41 |
| **4 ANOS** | 14 | 15 | 19 | 48 |
| **5 ANOS** | 9 | 12 | 16 | 37 |
| **1º** | 20 | 19 | 20 | 59 |
| **2º** | 17 | 16 | 20 | 53 |
| **3º** | 21 | 19 | 18 | 58 |
| **4º** | 24 | 21 | 22 | 67 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **5º** | 20 | 19 | 22 | 61 |
| **6º** | 21 | 20 | 17 | 58 |
| **TOTAL** | 159 | 154 | 169 | 482 |

**A LOMBA:** 313 ALUMNOS

| CURSO | A | B |
|---|---|---|
| **3 ANOS** | 13 | 13 |
| **4 ANOS** | 14 | 15 |
| **5 ANOS** | 9 | 12 |
| **1º** | 20 | 19 |
| **2º** | 17 | 16 |
| **3º** | 21 | 19 |
| **4º** | 24 | 21 |
| **5º** | 20 | 19 |
| **6º** | 21 | 20 |
| **TOTAL** | 313 | |

**ANEXO:** 169 ALUMNOS

| CURSO | C |
|---|---|
| **3 ANOS** | 15 |
| **4 ANOS** | 19 |
| **5 ANOS** | 16 |
| **1º** | 20 |
| **2º** | 20 |
| **3º** | 18 |
| **4º** | 22 |
| **5º** | 22 |
| **6º** | 17 |
| **TOTAL** | 169 |

A media de alumnos por aula no edificio A lomba oscila entre 19-22 alumnos e no edificio Anexo oscila entre 19-20 alumnos.

### 1.1.6- PROFESORADO DO CENTRO

O CEIP A Lomba conta con  mestres/ as, distribuídos, por especialidades, do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| Titoras de Educación Infantil | 9 |
| Titores/as de Educación Primaria | 18 |
| Especialista en Educación Musical | 2 |
| Especialista en Educación Física | 3 |
| Especialista en LinguaEstranxeira | 3 |
| Especialistas en Relixión | 2 |
| Apoios xenéricos (en Educación Infantil) | 3 |
| Especialistas en Pedagoxía Terapéutica | 3 |
| Especialista en Audición e Linguaxe | 2 |
| Orientadora | 1 |
| **TOTAIS** | 46 |

.

O profesorado e sobre todo as funcións variarán en función dos anos e das necesidades do centro.

A maioría do profesorado é de sexo feminino, cunha media de idades comprendidas entre os 25 e os 55 anos e a meirande parte do profesorado é definitivo no centro.

### 1.1.7- PERSOAL NON DOCENTE

Dous conserxes

Tres cociñeiros/as

Dúas coidadoras

Unha administrativa

### 1.1.8- NOTAS DE IDENTIDADE DO CENTRO

O centro, dado o seu carácter público, réxese polo principio de neutralidade ideolóxica, de maneira que renuncia a todo tipo de adoutrinamento, sectarismo e proselitismo, aínda que se declara esencialmente respectuoso coas ideas que sexan compatibles coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Tentamos formar para a paz e rexeitamos a violencia, polo tanto é unha esixencia inescusable o respecto pola dignidade e a integridade persoal dos membros da comunidade escolar. Pretendemos que os nosos alumnos se formen para a xustiza, a liberdade, a responsabilidade e a solidariedade. Polo tanto intentaremos acadar un ensino de calidade que abrangue a todos os niveis e a todo o alumnado. Isto levará ao noso alumnado a formarse como persoas competentes para desenvolverse na vida, abertas aos cambios e innovacións, tolerantes ante as diferenzas tanto individuais como culturais ou relixiosas. Mostrarán un respecto polo medio ambiente e pola súa herdanza cultural e lingüística, pero estarán sempre abertosa o descubrimento doutras realidades e culturas. Farémolos responsables das súas actuacións no ámbito persoal e social, conscientes da igualdade entre homes e mulleres e motivarémolos para que avancen na súa formación persoal, social, intelectual e laboral.

O centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola coeducación. A igualdade de oportunidades será promovida mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, moraisourelixiosas, así como por necesidades específicas de apoio educativo.

Os principios que defendemos e polos que traballamos son os seguintes:

- O centro declárase a favor da coeducación tendo como obxectivo fundamental axudar ao alumnado na busca da súa propia identidade persoal, eliminando mitos e tabús.
- O centro preconizará unha xestión de participación e democrática, en todos os estamentos que o compoñen, por medio de organismos representativos, e favorecerá as relación deste coas institucións do seu entorno.
- Pretendemos desenvolver no alumnado as capacidades creativas e o espírito crítico fomentando a adquisición de valores tales como a autoestima, a creatividade , a liberdade, a autonomía e a independencia persoal.

- Manteremos aberta a escola ás demandas sociais e culturais do pobo como un servizo público que somos.
- Optamos por unha metodoloxía didáctica, aberta e flexible, baseada principalmente nos principios fundamentais que rexen a aprendizaxe significativa:
    - Ensinanza - aprendizaxe personalizada.
    - Promoción da autonomía.
    - Potenciación da actividade do alumnado
    - Potenciación da interacción entre o profesorado e o alumnado, o alumnado, o profesorado e a comunidade.
    - Globalización
    - Arrincar, sempre que sexa posible, das vivencias e experiencias do propio alumno
    - Que o alumnado tome conciencia do momento en que se atopa do seu proceso de aprendizaxe.

A nosa labor educativa basease no respecto mutuo, no diálogo, na reflexión e na colaboración e solidariedade.

Os obxectivos que intentamos acadar no noso centro son os seguintes:

- Crear un clima de respecto e relación entre todos os integrantes da comunidade educativa, potenciando a comunicación e o traballo en equipo.
- Fomentar hábitos de comportamento democrático, potenciando a negociación como vías de conflitos, impulsando o respecto ás normas negociadas por todos os membros da comunidade educativa.
- Favorecer a participación na xestión e no funcionamento de todos os compoñentes da comunidade educativa
- Implicar e crear un compromiso coas familias, necesario para manter un ambiente de comunicación e de diálogo, para acadar deste xeito con éxito as tarefas educativas.
- Potenciar unha boa coordinación entre o persoal do Edificio de A Lomba e o persoal do edificio do Anexo.
- Respectar a diversidade. O alumnado ten que asumir como propios, valores como a igualdade entre mulleres e homes, o rexeitamento de calquera tipo de racismo ou discriminación por diferenzas individuais, tentando así que o noso centro sexa un lugar de defensa dos valores democráticos.
- Ter en conta os principios de normalización e inclusión.

- Fomentar unha actitude de respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Crear un compromiso para coñecer e respectar o medio ambiente e fixar hábitos para o uso responsable da auga e da enerxía.
- Potenciar condutas e hábitos saudables relacionados coa saúde e a alimentación para unha mellor calidade de vida.
- Fomentar a participación nas festas e costumes populares da nosa localidade utilizando os recursos que nos ofrece o entorno e aproveitando a proximidade para traballar e desenvolver conceptos do nosos currículos.
- Favorecer a utilización de forma sistemática dos recursos informáticos cos que conta o centro.
- Fomentar o gusto pola lectura e potenciar o uso dos recursos bibliográficos do centro.

## 1.2- ASPECTOS DA XESTIÓN E DA ORGANIZACIÓN DO CENTRO QUE INFLÚEN NA CONVIVENCIA

### 1.2.1- ÓRGANOS DE GOBERNO, DE PARTICIPACIÓN E DE COORDINACIÓN DO CENTRO.

O centro educativo posúe unha serie de órganos de goberno, os cales son órganos de participación e de coordinación que, segundo o establecido nas leis educativas vixentes, controlan e xestionan a convivencia do centro. As funcións dos mesmos veñen reguladas no Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011 de Convivencia.

Os órganos de goberno do centro son:

- **Órganos de gobernó unipersoais: o equipo directivo.**

As *funcións do equipo directivo* relacionadas coa convivencia no centro son as seguintes:

a) Velar polo bo funcionamento do centro.

b) Presentar ó Claustro e o Consello Escolar propostas que fomenten a participación coordinada de toda a comunidade educativa.

c) Proponer actuacións de carácter preventivo que favorezan as relacións de tos os membros da comunidade educativa.

d) Adoptar as medidas necesarias que garantan os dereitos do alumnado, así como tamén o cumprimento dos seus deberes.

e) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

f) Resolver os conflitos e imponer as medidas correctoras de acordo coa normativa vixente.

En concreto serán **funcións de cada un dos órganos unipersoais de goberno do centro en materia de convivencia,** as seguintes:

**A dirección**:

a) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.

b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras que correspondan ao alumnado en cumprimento coa normativa vixente, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar.

c) O director poderá solicitar a intervención da Comisión de Convivencia para que emita a súa opinión no relativo á prevención e resolución de conflitos.

d) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

e) Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co seu entorno.

**A xefatura de estudos:**

a) Substituir á dirección en caso de ausencia o enfermidade.

b)Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.

b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción titorial e de atención á diversidade do centro…

c) Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

d) Organizar a atención e coidado do alumnado nos periodos de recreo e nas outras actividades non lectivas

- **Órganos de gobernocolexiado.**

**O Claustro de profesores:**

Ademáis das funcións que lle atribúe no Decreto 374/ 1996 do 17 de outubro, terá as seguintes funcións:

a) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

b) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.

c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

d) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios, a imposición de sancións e velar porque estas se atinxan á normativa vixente.

**O Consello Escolar:**

O consello escolar do centro educativo, ademáis das funcións atribuidas , no Decreto 374/ 1996 do 17 de outubro, terá as seguintes funcións:

a) Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia.

b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

e) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios, a imposición de sancións e velar porque estas se atinxan á normativa vixente.

f) Velar polo correcto cumprimento dos dereitos e deberes do alumnado, o cal implica, a aprobación das normas de convivencia do centro, a supervisión do desenvolvemento da convivencia no centro e a aplicación dos plans de convivencia que se programen.

**A Comisión de Convivencia**

Exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar acción dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

f) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

g) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia.

**As titorías e os órganos de coordinación docente.**

Os titores son os responsables directos de crear un clima de convivencia nas súas aulas:

- Tentando consensuar e explicar as normas de convivencia

- Favorecendo a integración no grupo de todo o alumnado.

-Controlando as relacións establecidas coa finalidade de descubrir posibles casos de acoso ou discriminación.

- Solicitando a axuda das familias para conseguir un bo clima de convivencia.

Os titores farán constar na Programación aquelas estratexias e liñas de actuación para crear un bo clima de convivencia na súa aula. Estas liñas de actuación deberán adaptarse á idade e características do alumnado.

Os *coordinadores de Educación Infantil* son os responsables de:

- Facer constar na Programación de Ciclo un plan de convivencia adaptado á idade e características do alumnado do ciclo.

- Axudar aos titores na resolución dos problemas de convivencia que xurdan no ciclo.

### 1.2.2- CANLES DE COORDINACIÓN

A coordinación é un elemento imprescindible para lograr un clima de convivencia no que todos se sintan cómodos e respectados. Desde o punto de vista organizativo, é necesario que todos os membros da comunidade educativa, que dalgún xeito traballan pola mellora da convivencia, o fagan de forma coordinada.

**1º Nivel de coordinación**: Os problemas de convivencia nacen fundamentalmente en dous ámbitos: no entorno da aula ou nos espazos comúns. En todos eles se ve implicado o alumnado dun ou varios cursos. Isto fai que sexa o titor/a o que tome as primerias medidas logo de cumplimentar un parte de incidencia.

**2º Nivel de coordinación**: A profesora ou profesor e a titora ou titor implicados comunican á Xefatura de Estudos o problema de disciplina surxido, quen de acordo con eles resolverá a forma de proceder.

**3º Nivel de coordinación**: Se hai que abrir un procedemento disciplinario ou expulsar ata 3 días a algún alumno, o problema é comunicado á Dirección do centro, quen convocará ao mestre/a, titor/a e á xefa de estudos.

**4º Nivel de coordinación**: Se un pai, nai ou titor legal presentan solicitude de revisión contra a resolución transmitada pola Dirección, esta pasa ao Consello Escolar.

**<u>Reparto de responsabilidades non definidas na consecución de hábitos de convivencia.</u>**

A convivencia será sempre o resultado da actuación coordinada dos distintos sectores da comunidade educativa, que se terán que implicar coa mesma intensidade na súa consecución. Dende o punto de vista das responsabilidades non definidas nas normas, e que ten moito que ver coa convivencia no centro, poderiamos concretalas en tres ámbitos:

- **1º Ámbito de responsabilidade: a familia**

A familia é a primeira responsable da educación dos seus membros, da trasmisión de valores e da creación de actitudes de comportamento que melloren a convivencia. Isto é algo que debe quedar claro nas xuntanzas de titorías coas familias a principio de curso. Os pais, moitas veces, recorren a ese dereito cando algo non lles gusta. Pero é necesario que saiban que convivencia no centro pasa por poñer en práctica na casa un modelo de comportamento respectuoso, solidario, igualitario, democrático e con normas.

- **2º Ámbito de responsabilidade: a sociedade**

O alumnado vive nun contorno social determinado polo propio hábitat, as regras sociais establecidas nel, os medios de comunicación cos que se relaciona, o grupo de amigos cos que xoga… que dalgún xeito lle van prefixando determinados tipos de comportamento.

É, polo tanto, responsabilidade deste contorno traballar valores que os conduzan a convivir de forma pacífica, respectuosa, democrática, solidaria, non discriminatoria e igualitaria.

- **3ºÁmbito de responsabilidade: o centro.**

O centro recibe un alumnado, nado nunha familia concreta e pertencente a un contorno social determinado. O centro terá que dotarse dunbo Plan de Mellora da Convivencia e dun NOF adaptado, preciso e resolutivo.

### 1.2.3- OUTROS FACTORES QUE INFLUEN NA XESTIÓN DO CENTRO

***<u>CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO</u>***

- Este centro soporta gran cantidade de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo e con dificultades que precisan unha resposta educativa con medidas e accións de atención á diversidade.
- Existe unha alta porcentaxe de alumnado estranxeiro, así como unha alta porcentaxe de alumnado de integración tardía.
- A lingua vehicular maioritaria é o castelán, concretamente máis do 90% do alumnado é castelán falante. O seu nivel sociocultural é medio-baixo.

***AS FAMILIAS DO ALUMNADO DO CENTRO***

Destacan as seguintes características:

- Pais e nais con predominio de idades na adultez (entre os 30 e os 40 anos).
- Nivel formativo familiar medio.
- Alta porcentaxe de paro a nivel familiar.
- Importante incidencia da ANPA, como forma de organización das familias, e utilización das súas actividades.
- Alta porcentaxe de familias estranxeiras e outras familias en risco de exclusión social.

### 1.3- CONVIVENCIA NO CENTRO SEGUNDO AS ENQUISAS

Hai uns anos realizamos unas enquisas tanto a mestres como a familias e alumnado para analizar a convivencia do centro dun xeito máis profundo e rigoroso. Estes foron algúns dos datos máis relevantes.

Achegamos nos anexos finais unha mostra das enquisas realizadas.

- Máis dun 60% do profesorado opina que a convivencia no centro mellorou nos últimos anos. As familias teñen a mesma apreciación nunha porcentaxe que ronda o 60%.
- Con respecto á participación activa na vida do centro e as relacións coa comunidade educativa, as familias considéranse ben atendidas e ben informadas, en xeral.
- As familias, nunhaporcentaxe elevada acostumanapoiar as decisións do titor sobre o comportamento do fillo/a.
- No centro non existen grandes conflitos, pero sí se producen faltas de conduta que, no caso de repetirse, poderían conducir a faltas graves.

- Os alumnos, en xeral, valoran aos seus mestres e compañeiros, de xeito positivo. Veñen contentos ao colexio e manifestan que o lugar onde suceden máis conflitos é no recreo.
- O alumnado ten a percepción de poucas condutas negativas no colexio e teñen coñecemento das normas da aula e do centro estando dacordo coas medidas que se toman para solucionar os conflitos existentes.

## 1.4- RELACIÓN ENTRE OS INTEGRANTES DA COMUNIDADE ESCOLAR, CONFLICTIVIDADE DETECTADA NO CENTRO E OUTROS FACTORES QUE INFLUEN NA CONVIVENCIA.

### 1.4.1- RELACIÓNS ENTRE OS MEMBROS DA COMUNIDADE ESCOLAR.

En liñas xerais,a situación actual da convivencia no noso colexio é boa satisfactoria.

Se ben é certo que na **relación entre o alumnado** non se observan serios problemas,aparecen con frecuencia ***conflitos*** que son resoltos con distintas medidas, enfunción da importancia do problema.

A meirande parte deles acostuman estar relacionados coa perda de respecto entre iguais ou coa perda de respecto ao profesorado;excesivo ruído ao falar e linguaxe incorrecta.

Nestes últimos cursos observamos un empeoramento no comportamento do alumnado que se reflicte na forma en que se comunican entre eles, no seu compromiso coas normas,coa actitude que amosan ante o profesorado e no clima da aula.

A **relación entre o profesorado** é en xeral fluída e agradable,a pesar de ser un claustro moi numeroso.

A **relación coas familias** é polo xeral bastante correcta.A maior parte de las implícanse moito e colaboran en gran medida.

### 1.4.2- CONFLITIVIDADE DETECTADA NO CENTRO.

Os **tipos de conflitos máis frecuentes** que atopamos no centro son:

**<u>Entre o alumnado</u>**:

- Interrupcións do traballo ou das explicacións naaula.
- Distracción e falta de atención.
- Perda de respecto entre iguais ou ao profesorado durante o período lectivo.
- Desobediencia ás ordes educativas do profesorado.

- Distinto grao de aceptación das normas e do“diferente”.
- Problemas de absentismo ou impuntualidade.
- Problemas familiares.
- Problemas no patio motivados por conflitos pola distribución dos espazos ou pola relación cos iguais:agresiónsverbais,físicas,comentarios discriminatorios,illamento.
- Excesiva competitividade e baixa tolerancia á frustración .

**Entre o profesorado:**

- Distinto grao de asunción de determinados compromisos tomados polo claustro.
- Diferencia de visión ou interpretación dunha norma establecida.

**Entre as familias**:

- Falta de colaboración e implicación dalgunas familias.
- Pequenos conflitos xerados por diversidade de opinión en canto ao tratamento dun tema ou porque as queixas das familias non seguen as canles adecuadas.
- Posta en dúbida do labor do profesorado.
- Sobreprotección como estilo educativo parental.
- Problemas persoais que repercuten no benestar do alumnado.

### 1.4.3- OUTROS FACTORES

A convivencia no centro pode verse condicionada por unha serie de **factores** entre os que podemos citar:

**O contorno social**:

- O colexio enclávase nunha zona de poboación heteroxénea encanto a súa procedencia,na que conviven distintas culturas,o que implica, nalgunhas ocasións, a mobilidade do alumnado,que comeza a medio curso ou non remata éste no mesmo centro.
- Tamén cabe destacar o gran número de inmigrantes que recibimos de maneira constante ao longo do curso. Ademáis contamos cun gran número de alumnado con TEA, TDAH, TDA

**O contorno cultural**:

- A oferta cultural desta cidade é ampla:biblioteca,ludoteca,actividades extraescolares do concello,conservatorio,escola de música,piscina,etc
- Constatamos unha falta de conciencia e coñecemento das posibilidades do contorno cultural existente.Pode condicionar a asistencia ás mesmas que algunas non son gratuítas.

**O contorno físico**:

- A distribución dos espazos do centro supón,ás veces,unha causa de conflitos.
- O comedor do centro quédase pequeño para o elevado número de usuarios, quedando aproximadamente 30 alumnos sen servizo de comedor.

### 1.5- ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA

O Centro decidiu apostar pola formación permanente do profesado no complexo mundo das relación interpersoais no centro: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia nas aulas ... para favorecer a convivencia entre toda a comunidade educativa. Por iso, oferta unha gran cantidade de charlas e obradoiros aos diferentes niveis educativos que versarán sobre diversas facetas como poden ser a tolerancia, a empatía, a resolución de conflitos, a igualdade, a entidade de xénero, o bullying, os perigos das novas tecnoloxías, etc..

Traballamos conxuntamente con distintas organizacións como o CIM do Concello ou os Servizos Sociais que imparten unha serie de obradoiros nalgúns nivéis do noso colexio.

O Spad ven colaborando con nós ano tras ano, ofertando aos nivéis de 5º e 6º charlas sobre o uso e abuso do alcohol ou o acoso escolar.

A Policía Nacional tamén ven coordinándose con nós no Plan Director e neste curso, co Plan Ciberexperto.

Algúns gabinetes e asociacións que realizan obradoiros para a resolución de conflitos e para identificar o que é acoso nos diferentes niveis de primaria.

O tema da igualdade e a entidade de xénero tamén recibiu gran atención no noso centro ofertando charlas levadas a cabo por expertos. Ademáis particípase en actividades desenvolvidas polo Concello en relación a este tema.

O Centro ven abrindo as súas portas nos últimos anos para unha mellor relación entre as familias e o colexio, ofertando exposicións levadas a cabo por expertos e polo mesmo alumnado en distintos temas de interese.

## 2- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA

Antes de establecer os obxectivos deste Plan de convivencia debemos ter en conta os seguintes aspectos marcados pola lexislación vixente na actualidade.

### 2.1- FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DAS NORMAS DE CONVIVENCIA.

O ***artigo 3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño e o Decreto 8/ 2015 do 8 de xaneiro que desenvolve a lei anterior***, establece os fins e principios que deben ter en conta as normas de convivencia dos centros docentes.

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecementoao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e dos país ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

O ***artigo 4 da Lei 4/2011, do 30 de xuño***, establece os seguintes fins:
a) A participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino polos poderes públicos.
b) A regulación de procedementos de consulta e participación directa das familias, e, de ser o caso, doutros colectivos da comunidade educativa, no ensino, complementarios das canles institucionalizadas de participación nel e no funcionamento e goberno dos centros docentes previstos na lexislación educativa.
c) A mellora da comunicación entre o profesorado e as nais e paisou as titoras ou titores para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

## 2. 2-8 OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Por outra banda, o plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes **obxectivos xerais** (***artigo 12 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro***):
a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

## 2.3- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

- Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia escolar.
- Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos.
- Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección.
- Coñecer o protocolo a seguir e as posibilidades de actuación ante un conflito: convivencia, violencia, acoso...

OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO, RESPECTO AO ALUMNADO

- Promover e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a mellora das habilidades sociais e do fomento do diálogo e a comunicación, así como a adquisición de responsabilidades por parte do alumnado.
- Facilitar espazos e tempos para que os alumnos falen con liberdade de normas e conflitos (sen que sexa preciso para elo concretar tipo de conflito- alumno implicado).
- Amonestar de xeito privado e individual, empregando a empatía e comprensión ante as explicacións ofrecidas, e manifestando a queixa de xeito asertivo (diferenciarase conduta de persoa:valórase a persoa e recrimínase a conduta)
- Focalizar a atención sobre as condutas positivas en lugar das negativas.
- Empregar o exemplo de si mesmo para mellorar a convivencia na aula: falar nun ton baixo, ser puntual, ter programadas as sesións, ...

OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

- Participar no regulamento das normas de convivencia e asumir as consecuencias derivadas do seu incumprimento.
- Aceptar as diferenzas e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquera tipo de discriminación.
- Utilizar o diálogo e o consenso como primeira estratexia de resolución de conflitos.
- Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno: material e instalacións.
- Facer un uso positivo da linguaxe, libre de violencia e prexuízos.

OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS

- Participar no desenvolvemento da convivencia a través dos distintos organismos: Consello Escolar, ANPA...
- Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
- Colaborar e asumir medidas de prevención e corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
- Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou para poder previr os mesmos.

OBXECTIVOS PARA O PERSOAL NON DOCENTE

- Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello escolar.
- Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, e poñelas en coñecemento do equipo directivo.

## 3- ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

### 3.1.- ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS.

As actuacións, medidas ou programas que se están ou se van a desenvolver para mellorar a convivencia son, entre outras, as seguintes:

1) Solicitar todos os cursos as seguintes charlas sobre o uso das novas tecnoloxías e o acoso escolar.

2) Ao longo do curso seguiremos solicitando charlas sobre o “Uso responsable da navegación por internet e os medios dixitais” para o alumnado de 5º e 6º de ed. primaria.

3) Contamos cun Plan de Acción Titorial, Plan de Convivencia, Plan Xeral de Atención á Diversidade, e as Normas de Organización e Funcionamento (N.O.F).

4) Está funcionando a Comisión de Convivencia dentro do Consello Escolar.

5) Ademais contamos con Protocolos elaborados pola Consellería de Educación .

6) Ademáis o Departamento de Orientación do centro está aplicando todos os cursos as seguintes medidas:

- **Estratexias** e técnicas de resolución de conflitos (negociación, conciliación, mediación, asembleas de aula …)
- **Aplicamos, de ser necesario, métodos** de detección (sociogramas, test de personalidade, rexistros de observación…)
- **Utilizamos indicadores e instrumentos** (Cuestionarios, anotacións, informes dos titores e equipo directivo, informes da comisión de convivencia e consello escolar, entrevistas…)
- **Realizamos, en caso de ser necesario, obradoiros** de habilidades sociais (condutas asertivas, escoita activa, negociación, relaxación, autoinstrucións, empatía, tolerancia, interculturalidade…)
- **- Aplicamos programas** de resolución de problemas/conflitos (MÉTODO PIXAP, Sapiens…)
- **Espazos** (aula de convivencia, vixilancia de patios e espazos sensibles…)
- **Colaboracións** con axentes externos: gabinetes, servizossociais e de saúde, xurídicos, de seguridade cidadá…
- **Temos bibliografía especializada a disposición do profesorado do centro, familias e alumnado** (en torno a convivencia escolar, axuda entre iguais, resolución de conflitos…).

Outras actuacións:

1. Información sobre Normativa do centro sobre a convivencia nas aulas. Isto faise ao principio do curso.
2. Potenciar habilidades de comunicación no alumnado para mellorar a convivencia no Centro
3. Fomentar a tolerancia, a aceptación á diversidade e a resolución de conflitos de forma pacífica.

4. Programa de sensibilización contra o maltrato entre iguais (bullying). Para iso explicaranse na hora de titoría os conceptos principais e a forma de proceder para evitar que estas situacións se produzan no centro.
5. Formación de nais e pais sobre o maltrato entre compañeiros/as, para iso reunirémonos coas familias que se considerase oportuno nas cales trataremos de reforzar información que se lle dá ao alumnado en titoría, incidindo nas estratexias familiares que son máis recomendables para favorecer a resolución de conflitos.

A formación sobre a convivencia e resolución de conflitos, pensamos que é imprescindible para mellorar as pautas de actuación que potencien un clima favorable no centro. É necesaria unha formación específica para atender situacións relacionadas coa convivencia e a conflitividade.
Faise necesario introducir a formación permanente do profesado no complexo mundo das relaciónsinterpersoais no centro: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia nas aulas, maltrato entre compañeiros/as, ...

### 3.1.1.- ACTIVIDADES DO PLAN DE ACOLLIDA.

Coa elaboración do Plan de Acollida para o noso centro pretendemos crear as condicións óptimas para unha boa acollida do alumnado e o profesorado de nova incorporación. Tamén favorecer no centro un clima de convivencia, respecto e tolerancia, potenciando os valores que a pluralidade cultural aporta a toda a comunidade escolar.
As actuacións e actividades de acollida van destinadas a varios ámbitos e pretende conseguir os seguintes **obxectivos**:

- Facilitar o tránsito da familia ou dunha escola cunhas relación coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
- Establecer liñas de colaboración coas familias, informalas e implicalas no período de adaptación.
- Fomentar actitudes de respecto cara ao alumnado inmigrante e facilitar o proceso da súa integración.
- Facilitar o coñecemento do centro e do seu funcionamento ao novo profesorado, favorecendo a integración na súa dinámica de traballo.

**ACTUACIÓNS PARA A ACOLLIDA DO ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN.**

*ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL.*

- **Na matriculación:** o equipo directivo recibirá ás familias durante a matriculación, realizando unha función informativa básica da escola e respondendo ás preguntas que se susciten.
- **Durante a 1ª quincena de xuño:** o equipo docente de educación infantil analizará os datos do novo alumnado admitido.Se houbesenenos con NEAE o departamento de orientación terá un primeiro contacto coas familias para recabar información sobre o alumnado. Posteriormente determinaranse, se fose o caso, as actuacións pertinentes.
- **Durante a 2ª quincena de xuño:** o equipo de educación infantil fará unha xuntanza informativa xeral coas familias. Sobre todo, é importante que os pais e nais reciban nesta primeira reunión todas as informacións prácticas relativas á vida da escola e á permanencia nela do seu fillo e sexan conscientes da necesidade de colaboración coa escola.

Realízase unha visita ao centro do alumnado xunto coa súa familia (nos últimos cursos non se pode realizar debido á situación sociosanitaria) É conveniente que os nenos acudan ao centro para ter os primeiros contactos co grupo, materiais ,espazos, profesorado, persoal laboral e alumnado dende a proximidade tranquilizadora do familiar que o acompaña.

- **Durante a 1ª quincena de setembro:** o equipo docente de educación infantil:

-Estudará a realidade do novo alumnado matriculado.
-Realizará a entrevista persoalás familias coobxecto de recompilar datos sobre o alumno.
-Decidirá o momento da incorporación de cada neno establecendo os agrupamentos e horarios para a entrada graduada.

- **Durante a 2ª quincena de setembro:** o alumnado de continuidade no centro virá dende o primeiro día en xornada completa. En relación á incorporación do alumnado de 4º EI ás aulas, realizarase atendendo ao Período de Adaptación estipulado por Educación e xestionado polo equipo docente de educación infantil.

*ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS CENTROS.*

- **No momento da solicitude de admisión e/ou matrícula.**

Ao formalizar a matrícula, o equipo directivo informará ás familias acerca da escola e responderá ás preguntas que se susciten.

Os nenos deben visitar o colexio acompañados dalgún membro da familia para ter os primeiros contactos co grupo, materiais, espazos do centro, profesorado, persoal laboral e alumnado.

- **Durante a 1ª quincena de setembro.**

O profesorado-titor, ou no seu defecto calquera compañeiro de nivel, convocará ás familias e ao alumnado que se incorpora a unha entrevista, na que se presentará o funcionamento xeral do centro e se recabará aquela información que o correspondente equipo de nivel estime pertinente. Tamén se aproveitará para ensinarlles a aula e o centro, se aínda non o coñeceran.

***ALUMNADO INMIGRANTE.***

A incorporación crecente de alumnado inmigrante ao noso centro en calquera momento do curso escolar e as singulares características e necesidades deste alumnado fai necesario adicarlles un espazo especial dentro do noso Plan de Acollida.

A chegada ao centro educativo supón para un alumno inmigrante un duro impacto psicolóxico ao ter que enfrontarse a unha situación nova, un entorno moi diferente ao seu do que descoñece case todo: en moitos casos a lingua, os seus compañeiros da clase, o centro coas súas regras propias, o tipo de actividade escolar, etc. E todo iso nun momento persoal difícil, ao estar vivindo simultaneamente a perda de todo o que lle era querido ata ese momento. Esta situación agrávase cando a súa experiencia e bagaxe educativos son moi distintos aos do resto dos seus compañeiros.

Unha boa acollida para o alumnado que se incorpora por vez primeira supón ofrecer un espazo para o seu desenvolvemento persoal, cultural e social, debendo o centro adaptar e sistematizar a súa resposta educativa tras unha reflexión conxunta por parte de todo o profesorado.

- ***Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural.***

O Programa de Acollida afecta a toda a comunidade educativa e non só ao alumnado que se incorpora. Será necesario potenciar competencias interculturais con todos os axentes que interveñen directa e indirectamente na tarefa educativa, a fin de desterrar estereotipos e prexuízos que condicionan a nosa actitude e a dos demais e desenvolver actitudes e habilidades para a interacción e o intercambio positivo.

Este labor levarase a cabo con:

-O alumnado, a través da titoría e de todas as áreas do currículo por medio de actividades que favorezan habilidades e competencias sociais, así como a resolución de conflitos entre iguais.
-As familias, mediante actuacións encamiñadas a ter unha visión positiva da inmigración e das persoas que se incorporan á comunidade educativa.
-O profesorado, a través de iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a integración de todo o alumnado.
Máis concretamente realizaranse as seguintes actuacións:

- Valoracións da súa escolarización previa e as súas habilidades básicas na lectoescritura e matemáticas.O titor/a procederá a determinar as súas necesidades educativas, a través da avaliación inicial. No caso de que o alumnado descoñeza as nosas linguas, buscarase algunha materia na que estas non sexan precisas para determinar o seu nivel de coñecementos, como poden ser a área de lingua estranxeira ou a de matemáticas.

  No Departamento de Orientación concretaranse uns criterios de referencia para decidir a adscrición do novo alumnado ao nivel máis axeitado. Serán o suficientemente flexibles como para dar resposta ás necesidades de cada caso concreto. No caso de apreciar outras necesidades educativas especiais, ademais das asociadas á condición de procedencia estranxeira, realizará a avaliación psicopedagóxica pertinente.

  Resulta esencial transmitir aos distintos mestres/as da aula asignada a información sobre as características do novo alumnado e as decisións tomadas sobre a resposta educativa axeitada. O titor será o encargado desta tarefa sendo, do mesmo xeito, referente máis directo do alumno/a recen chegado, de maneira que este saiba que pode acudir sempre a el cando teña alguna dúbida ou dificultade.

- Determinar o seu nivel de competencia curricular e das súas posibles necesidades específicas de apoio educativo.É necesario realizar unha avaliación para coñecer o nivel do alumno/a nas diferentes áreas, especialmente as instrumentais, e o seu nivel de lingua oral e escrita para planificar as actuacións.
- Actividades encamiñadas a facilitar a súa integración escolar e afectiva.

O titor/a, que posúe todos os datos do alumnado novo, preparará ao grupo clase. O día da súa incorporación será presentado aos compañeiros/as e tamén ao resto do profesorado. Indicará o seu nome, o país de procedencia e outros datos de interese que considere oportunos. Pode ser interesante que estes datos se acompañen dalgún mapa.

Para facilitar o coñecemento do alumnado entre si pódese recorrer a xogos, actividades grupais ou outras estratexias que permitan unha boa acollida na aula como a ola do nome, gran saúdo, etc.

Tamén se fará unha presentación das rutinas e hábitos da clase, cartel de benvida, confección dun diccionario de imaxes, etc.

- Alumnado titor: o/a profesor/a titor/a pode solicitar a colaboración dalgún compañeiro/a que axude, oriente e acompañe ao novo alumno/a, sobre todo nas primeiras semanas, e máis aínda se descoñece o idioma. Debe ser unha persoa ben predisposta, acolledora e comunicativa. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase. Estes alumnos/as colocaranse á súa beira na clase, acompañaranlle ao recreo, e procurarán que se sinta aceptado. Potenciarase ao mesmo tempo a cooperación e a implicación do grupo no seu proceso de adaptación.

## ACTUACIÓNS PARA A ACOLLIDA DA FAMILIA

Debemos coidar e dar a importancia debida ao primeiro contacto do alumnado e familias que se incorporan ao centro coas persoas que os reciben. É esencial transmitirles tranquilidade e a confianza de que os seus fillos/as estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización. Se non coñece o castelán, pódese recorrer a algún pai ou nai que fale o seu idioma ou facilitaráselles información por escrito traducida.

As actuacións serán as seguintes:

- Recollida de información sobre o alumno/a: recadar,nunha primeira entrevista coa familia, toda a información que sexa posible sobre os datos que é preciso coñecer do noso alumno/a : País de orixe, idade, domicilio, situación familiar, linguas que fala e usa, escolarización anterior, o que esperan do seu fillo e do propio centro, intencións de futuro ,etc…, todo isto encamiñado a coñecer a singularidade de cada alumno/a.
- Información sobre o sistema educativo: informarase á familia do funcionamento educativo do centro e de todo aquilo que poida interesarlles: calendario escolar, horarios, transporte escolar, comedor escolar, funcións do titor/a, avaliacións (incluída a avaliación inicial), normas de convivencia, actividades complementarias e extraescolares, etc. No caso de preceder doutra comunidade ou do estranxeiro, explicaráselles que por estar na Comunidade Autónoma Galega, ademais do idioma

español, fálase o galego, e que é unha sinatura máis do currículo. Entrégaselle aos pais e ao neno a axenda escolar, onde aparece toda a información do centro.

- Visita polo centro: ensinaránselle as instalacións do centro
- Ficha de inscrición  e información  en varios idiomas.
- Guías didácticas de distintos países: Situación, costumes, relixión, etc.
- Vocabulario básico en distintos idiomas.

**<u>ACTUACIÓNS PARA A ACOLLIDA DO PROFESORADO</u>**

A principio de curso, tanto para os docentes definitivos como provisionais, interinos/as ou substitutos/as lévanse a cabo as seguintes actuacións:

-Reunión coa xefatura de estudos para explicar o funcionamento xeral do centro e ensinarlle os distintos espazos.

- Presentación ante todo o profesorado do centro o primeiro día de curso.

-Diferente documentación (documentos de centro, propostas de mellora do curso anterior, cadro de reunións…).

-Asignación dun mestre afín á súa especialidade para favorecer unha mellor adaptación á metodoloxía utilizada no centro.

-Reunión coa xefa do Departamento de Orientación que lle facilite información sobre o alumnado sobre o que intervén o Departamento e co que vai a ter relación (exemplo, persoatitora, Mestre/a de AL…).

Cando hai substitucións ao longo do curso o procedemento é similar ao anterior. A xefatura de estudos recibe ao profesorado e ensínalle os espazos do centro e preséntalle ao resto do profesorado. Entrégaselle o seu horario e explícaselle o funcionamento do centro (gardas de clase, transporte...) e dependendo de si é titor/a ou especialista infórmase sobre aqueles aspectos máis importantes a ter en conta do seu alumnado (NEAE, alerxias, doenzas crónicas...).

### 3.1.2- ACTIVIDADES QUE INCORPOREN ASPECTOS QUE SUPOÑAN A INCORPORACIÓN DE ASPECTOS RELACIONADOS CO AUTOCONCEPTO, A AUTOESTIMA E A EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL.

Educar a autoestima e o autoconcepto do alumnado é unha tarefa fundamental que debemos ter en conta nos centros educativos para evitar posibles conflitos intrapersoais e interpersoais.

Polo tanto, tentamos encamiñar os nosos pasos cara á formación do aspecto cognitivo, plasmado no autoconcepto e a autoimaxe, cara o desenvolvemento da dimensión afectiva e valorativa, expresada na autoestima e cara o cultivo da autorrealización, xunto coas condutas e comportamentos consecuentes. Pero non debemos esquecernos do elemento afectivo da autoestima, xa que é fundamental a enerxía afectiva e motivadora para desenvolver unha axeitada autoestima.

Para levar a cabo estas actuacións empregamos dúas vertentes: a acción titorial e as actividades propostas polo departamento de orientación.

Dende a **acción titorial** débense traballar os seguintes aspectos:

-Desterrar calquera expresión pexorativa da imaxe do alumnado.

-Ter unha imaxe clara dos seus valores e calidades, evitando transmitir xuízos previamente formados.

-Aproveitar calquera conduta boa para facerlla notar ao interesado e mellorar a confianza en si mesmo.

-Fomentar a colaboración da familia para favorecer unha axeitada autoimaxe do alumnado.

-Fomentar no grupo-clase o bo trato e o respecto; desterrar o uso de alcumes molestos, desenvolver a actitude de compartir, utilizar o eloxio, hábitos de saudar amablemente, etc.

-Traballar a tolerancia coñecendo realidades diferentes e as consecuencias que provoca a intolerancia.

Por outra banda, no **Plan de Orientación** establécense actividades relacionadas co desenvolvemento da autoestima, autoconcepto e a educación afectivo-sexual. Tamén se concreta actividades relativas á intelixencia emocional no **Programa de Habilidades Sociais (ANEXO )**.

Dende o Departamento de Orientación podemos destacar, entre outras, as seguintes propostas:

-Actividades adicadas ao coñecemento de si mesmos (aptitudes, intereses,.....) a niveis básicos.

-Dinámicas grupais de habilidades sociais, educación emocional, resolución de conflitos, etc.
-Iniciación en actividades de resolución de problemas sinxelos e de toma de decisións.
-Fomentar activamente a información e autocoñecemento sobre o propio corpo e os límites persoais, adaptados a cada nivel: bibliografía para cada idade, charlas, contacontos, testemuñas...

-Coñecer e valorar a diversidade familiar existente na actualidade e a súa terminoloxía.

-Normalizar a existencia de vínculos afectivos-sexuais entre persoas do mesmo sexo.

-Non consentir nas aulas ningún tipo de burlas ou menosprezo cara ás persoas con diferentes tendencias sexuais.

-Involucrar á comunidade educativa para detectar e previr posibles casos de LGTBIfobia; para o que temos en conta o **Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.**

-Axudar ao profesorado para que saiba previr, detectar e intervir en casos de LGTBIfobia.

Estas actividades compleméntanse coas que leva a cabo o **equipo de igualdade e convivencia do centro**, mencionadas no punto seguinte.

#### 3.1.3- ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á SENSIBILIZACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES PARA PREVIR POSIBLES SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos, pois hoxe é máis urxente que nunca inculcar a necesidade do rexeitamento ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo.

A educación escolar debe contribuír a que os alumnos e alumnas sexan capaces de identificar situaciónsnas que se produce este tipo de discriminación polo xénero, de analizar as súas causas e de actuar eles mesmos á súa vez de acordo con estes valores igualitarios. A escola debe ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, debe ser unha escola xusta e, polo tanto, coeducativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro.

Para levar a cabo estas accións, o centro conta cun **Equipo de Igualdade e Convivencia** que se encarga de levar a cabo e propoñer actividades  para traballar a Igualdade. Dentro das súas función atopamos:

- Propoñer criterios ao Claustro e Consello Escolar para a revisión do proxecto educativo, das normas de organización e funcionamento, e da planificación e desenvolvemento dos currículos, incorporando unha visión transversal de xénero destinada a promover a igualdade real.
- Promover iniciativas de centro e de aula de carácter coeducativo, destinadas especificamente, á prevención da violencia de xénero.
- Realizar propostas de acción de formación para o profesorado, pais, nais ou representantes legais do alumnado en materia de igualdade entre homes e mulleres, e de prevención da violencia de xénero.
- Facilitar ás familias orientacións e recursos para educar en igualdade, insistindo no principio de corresponsabilidade.
- Instar ás asociacións de nais e pais para que realicen actividades coeducativas dirixidas ás familias.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias) a través da páxina web, do correo corporativo e circulares informativas.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro. Os escritos e documentos dirixidos desde o centro así como desde a ANPA terán en conta este aspecto na redacción de comunicados e documentos para transmitir a información.
- Criterios de selección de textos e materiais curriculares que contemplen un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.).
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Fomentar o desenvolvemento da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

- Realizar actividades de sensibilización na aula, como xaviñemosfacendo anos anteriores, coa participación e proposta dos concellosou como centro completo, en saídas e talleres varios.
- Realizar actividades de sensibilización e información coas familias.

Para acadar ditos fins, este equipo,concreta actividades para datas coeducativas do calendario escolar como:

- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
- 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller

Ademáis, dende o Departamento de Orientación prepáranse actividades para fomentar unha sociedade igualitaria e eliminar os estereotipos establecidos na mesma. Visionado de vídeos, interpretación de textos, análise de cancións, lectura de manifestos…

#### 3.1.4- ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á SENSIBILIZACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NA NON DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE RAZA, SEXO, PROCEDENCIA E CONDICIÓN PERSOAL OU SOCIAL.

A sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoallévase a cabo diariamente de forma transversal e a través da acción titorial, xa que se corresponde taméncun dos obxectivos a acadar na etapa de educación primaria.

Para levar a cabo actividades dirixidas a dito aspecto, temos en conta a celebración de datas que sensibilicen a toda a comunidade educativa nos valores democráticos: a tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia como:

- 3 de novembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade
- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
- 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz

- 8 de marzo: Día Internacional da Muller
- 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar (bulling)

### 3.1.5- PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS PARA O ALUMNADO, A XESTIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS, A DINÁMICA DE GRUPOS E O TRABALLO COOPERATIVO.

Dende o Departamento de Orientación elaborouse un **programa de habilidades sociais** (**ANEXO I**)que implica o traballo para a adquisición das competencias sociais e a resolución pacífica de conflitos. As actividades que se desenvolven con dito programa supón a posta en práctica de dinámicas de grupo e traballo cooperativo.

Os obxectivosdeste programa son os seguintes:

-Desenvolver a aprendizaxe cooperativa, posibilitando o contacto e traballo entre iguais, a partir de centros de interese e proxectos.
-Favorecer o respecto e solidariedade entre o alumnado.
-Adaptar o seu comportamento espontáneo e voluntario ás esixencias do seu entorno social.
-Establecer normas correctas de grupo.
-Favorecer o axuste emocional, desenvolvendo habilidades convesacionais, fomentando o uso da linguaxe como medio de comunicación.
-Mellorar a percepción, comprensión e adaptación a situación sociais, expresando sentimentos, desexos, ideas e opinión mediante a linguaxe verbal e non verbal.
-Fomentar a aceptación da diversidade e a resolución pacífica de conflictos.

Ademais contamos coa **colaboración do concello** para complementar as actividades relativas ás habilidades sociais, centradas en aspectos como a resolución de conflitos, intelixencia emocional ou habilidades sociais.

### 3.1.6- AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

A **aula de convivencia inclusiva** é un recurso do centro para facilitar a reflexión do alumnado que impide gravemente o normal desenvolvemento do grupo-clase. Neste espazo-aula, o profesorado trata de darle axuda ao alumnado para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ao cambio.

Así tamén, o alumnado que polas repetidas condutas contrarias ás normas fora obxecto de privación temporal do dereito de asistencia a clase, pode ser atendido nesta aula, combinando os traballos propiamente curriculares e traballos de modificación de conduta.

Poderá ser enviados a esta aula o alumnado do centro que cumpra os seguintes criterios:
-A súa **conduta** impide o normal desenvolvemento das actividades lectivas (**conduta disruptiva**).
-Presentan deficiencias no seu autocontrol e/ou relación persoais (**comportamento antisocial**).
-A expulsión non favorecerá a corrección da conduta.
-Son reincidentes.

A AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE REFLEXIÓN

O alumnado que impida gravemente o desenvolvemento normal do grupo clase na súa materia ou módulo, logo de poñer en práctica outras medidas e estratexias sen acadar resultados, pode ser enviado á aula de convivencia.

Para tal fin, seguiranse 5 pasos:

- O profesor/a de aula envía ao alumno/a acompañado por un alumno/a responsable a xunto o **xefe/a de estudos ou outro membro do equipo directivo**, que determinará se o alumno se incorpora á aula de convivencia co profesor/a de garda.
- O profesor/a de aula cumprimenta o PARTE DE INCIDENCIAS para informar ao xefe de estudos e ao titor/a da súa clase.
- O profesor/a de garda farase cargo do alumno/a que provocou a incidencia. O profesor/a de aula entrega as tarefas que quere que o alumno/a desenvolva na aula de convivencia. Na aula de convivencia o alumno/a cumprimentará unha ficha de reflexión e compromiso. Esta ficha quedará gardada.
- O alumno/a realiza as tarefas encomendadas, tarefas da aula de convivencia ou unha tarefa relacionada coa mellora da convivencia.
- O/A responsable da aula de convivencia (profesor de garda) cumprimenta a folla de rexistro sobre a actitude, reflexión, traballo... do alumno/a.

A AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE TRABALLO

O alumnado que, pola acumulación de partes de conduta ou pola gravidade dos feitos, deba ser obxectos dunha sanción disciplinaria poderá cumprila na aula de convivencia inclusiva. Pasos:

- A xefatura de estudos, unha vez escoitada á persoa titora e o orientador/a, elaborará un informe indicando os motivos, os obxectivos, o número de días, o número de horas e as actividades formativas.
- A xefatura de estudos solicitará actividades formativas con material curricular e material relacionado coa mellora da convivencia.
- O departamento de orientación determinará as actuacións dirixidas ao proceso de reflexión.
- A xefatura de estudos comunicará a resolución ao:
  - Alumno/a e a súa familia.
  - Titor/a do grupo, que informará ao equipo de profesores.
  - Orientador/a do centro.
- Logo do período de expulsión na aula de convivencia, o material curricular remitiraseao profesorado correspondente. O material de reflexión de modificación de conduta recollerao o orientador/a.
- Trimestralmente, a dirección do centro, reunirá a COMISIÓN DE CONVIVENCIA para comunicarlle, entre outras cousas, as derivacións á aula de convivencia.

No centro, temos dous espazos, un en cada edificio, situados no último piso, que poderían usarse como aula de convivencia. No caso de que fose necesaria a súa utilización, o profesorado de garda encargaríase do seguimento do traballo proposto ao alumnado nese espazo, sempre que o procedemento corrector así o indique.

## 3.2 – ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

É importante diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva.

**Tendo en conta o artigo 33 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro e o artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño,** considérase acoso escolar como unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia e defínese como calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro alumno ou alumna ou

outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos outecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

As medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar así como as propostas de actuacións de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este figuran no **Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.**

Polo tanto,temos que ter claro que para que haxa acoso teñen que darse as actuacións negativas recollidas anteriormente, de forma repetida e durante un tempo. É importante non confundir este fenómeno con agresións esporádicas entre o alumnado ououtrasmanifestacións de violencia, tamén esporádicas, cando non se dea inferioridade dun dos participantes no suceso.

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima. Os criterios son:

- **A existencia de intención de facer dano.** Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.
- **A repetición das condutas agresivas.** A agresión crea navítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente. Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo. É un tipo de violencia difícil de identificar, isto é debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado si ten coñecemento dos sucesos.
- **A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.**Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

Por outra banda, o acoso pode ter un compoñente colectivo, xa que os acosadores soen actuar en grupo e a situación soe ser coñecida por outros compañeiros ou compañeiras que actúan de observadores pasivos.

A agresión pode adoptar **distintos tipos de manifestación**:
• **Exclusión e marxinación social.**
• **Agresión verbal.**
• **Agresión física indirecta.**
• **Agresión física directa.**
• **Intimidación/ameaza/chantaxe.**
• **Abuso sexual.**

As **consecuencias** que poden reflectirse nunha situación de acoso ou maltrato entre iguais poden ser:
• **Para a vítima**: pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
• **Para a persoa ou persoas agresoras**: pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supravaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.
• **Para os/as compañeiros/as observadores/as:** pode conducir a unhaactitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelación equivocada da valía persoal.

### 3.2.1.-PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR.

Seguindo as directrices que marca a lexislación vixente, dende o centro seguiremos o protocolo que establece a Xunta de Galicia respecto á prevención, detección e tratamento do acosos escolar e ciberacoso. Dito protocolo aparece recollido na **Plataforma Galega de Educación e Convivencia Escolar na páxina da consellería (EDUCONVIVES).**

- **PROTECCIÓN INTEGRAL DAS VÍTIMAS**

1. A Dirección do centro adoptará as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade

persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

2. A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. O mesmo tempo arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes do acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

- **PLAN DE PREVENCIÓN E DETECCIÓN**

Co fin de previrsituacións de acoso **é necesario implicar coordinadamente a todo o sistema escolar**, aplicando de xeito ordenado as seguintes estratexias:

- **No ámbito da titoría:**

• Elaboración de **normas de aula** que se revisarán semanalmente.
• Favorecer o **traballo cooperativo e colaborativo**.
• Establecer **contratos de conduta** nos que se impliquen o alumnado acosador, o titoroutitora e a familia, para desenvolver as habilidades sociais e solución pacífica de problemas.
• **Favorecer a autoestima do alumnado acosado** encargándolle responsabilidades na aula e dándolle estratexias diante do acoso.

Para evitar múltiples contraditoriasi ntervencións do profesorado,toda a información que se transmita ao alumnado e familias farase a través da titora ou titor.

- **No ámbito do Departamento de Orientación.**

- Facer un **seguimento da evolución do alumnado acosado e acosador**, coordinando as intervencións educativas.
- **Dinamizar as propostas de traballar habilidades sociais** no ámbito das titorías con todo o alumnado, así como poñer en **funcionamento os contratos de conduta**.
- Darlles **estratexias de actuación ás familias**, tanto dos acosados como dos acosadores, unificando criterios co equipo directivo.
- Levar a cabo campañas de sensibilización contra o acoso escolar a través de actividades como elaboración de vídeos, charlas sobre o ciberacoso para toda a comunidade educativa,...

- **No ámbito do Equipo Directivo**

• **Manter a observación e vixilancia** atentas dos lugares e tempos nos que adoita producirse o acoso: cambios de clase, corredores, recreos, entradas e saídas e baños, comedor, etc.

•**Reestruturar**, cando sexa necesario, **os grupos de alumnos**, tendo en conta sempre que os que deben cambiar de grupo son os acosadores e non os acosados.

• Poñer en marcha a **mediación entre alumnos, profesores e pais** para romper a dinámica da lei do silencio entre compañeiros de clase e implicalos a todos contra a intimidación.

• **Velar por que se desenvolva o Plan de Convivencia**, para tentar alcanzar un clima de convivencia real, e facer prevención dos conflitos e acoso escolar.

Co fin de detectar posibles actuacións de acoso ou intimidación pasarase ao alumnado un cuestionario co fin de apreciar problemas de convivencia e síntomas de violencia, intimidación ou acoso.

- **PROTOCOLO DA ACTUACIÓN NO SUPOSTO DE ACOSO ESCOLAR**

**Paso 1. Identificación, comunicación e denuncia da situación**

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obriga de poñelo en coñecemento dun profesor ou profesora,titora ou titor ou equipo directivo. En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará a Dirección do centro e, n súa ausencia ao resto do equipo directivo.

**Paso2. Actuacións inmediatas**

Unha vez recibida a comunicación, a directora ou director convocará a titora ou

titor do alumno ou alumna, o/a responsable de orientación e Xefatura de Estudos, para analizar e valorar a intervención necesaria.

**Paso 3. Medidas de urxencia.**

No caso de estimarse necesario, terán que adoptarse as medidas de urxencia necesarias para protexer a alumna ou alumno agredida e así evitar máisagresións:

• Medidas que garanten a inmediata seguridade da alumna ou alumno acosada, así como medidas de apoio e axuda.

• Medidas cautelares dirixidas á alumna ou alumno acosador.

**Paso 4. Comunicación á familia.**

A dirección do centro, coa debida cautela e mediante entrevista, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado implicado, aportando información sobre a situación e sobre as medidas de urxencia que se están adoptando.

**Paso 5. Traslado da situación ao profesorado do alumno ou alumna acosado e Inspector.**

A dirección informará da situación ao equipo de profesores e profesoras do alumnado. Ao mesmo tempo trasladará a información ao Inspector de Zona e, se se estima oportuno, a Asuntos Sociais e xudiciais en función da gravidade da situación.

**Paso 6. Apertura dun procedemento disciplinario**

A dirección nomeará instrutor do procedemento a unha profesora ou profesor que non pertenza ao equipo de profesores do alumnado encausado. Este buscará a información necesaria nas seguintes fontes:

- Recompilación da documentación existente sobre o alumnado. Opinións do profesorado.
- Observación sistemática dos seguintes indicadores: en espazos comúns, na clase, en actividades complementarias e extraescolares.
- Testemuñas.
- Aplicación de cuestionario de preguntas.

Non obstante, ao longo de todo o proceso deberán considerarse os seguintes aspectos:

- Garantir a protección dos menores.
- Preservar a súa intimidade e a das súa familias.
- Actuar de maneira inmediata.
- Xerar un clima de confianza básicas nos menores.
- Recoller todo tipo de probas e indicadores.
- Non duplicar intervencións e evitar dilacións innecesarias.

**Paso 7. Aplicación de medidas disciplinarias**

Unha vez recibida a proposta de resolución do instrutor, a Dirección adoptará as medidas disciplinarias que se recollen no o NOF, e que se comunicarán as familias, á Inspección e á Comisión de Convivencia do Centro.

### 3.3 – PROTOCOLO DE ABSENTISMO.

Tal e como establece o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro** e o **Protocolo Educativo para a prevención e control do absentismo escolar de Galicia**, o absentismo é a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supoñer un mínimo do 10% do horario lectivo mensual.

Polo que os titores e titoras deberán controlar a asistencia do alumnado a clase diariamente. As faltas de puntualidade tamén se controlarán e reflectiránnas listas de control de asistencia do alumnado.

En caso de producirse reiteración de faltas sen xustificarou de faltas de puntualidade seguirase o seguinte protocolo de actuación.

- Consideración de faltas de asistencia xustificadas. As faltas de asistencia do alumnado deberán ser xustificadas mediante unha das seguintes fórmulas:
- Xustificación médica.
- Xustificación por parte do pai ou nai ou responsable legal do menor.
- En caso de non suceder ningunha das situacións anteriormente mencionadas, considerarase a falta como NON xustificada.

Debido á consideración da Educación Infantil como ensino non obrigatorio, as faltas neste ciclo non terán que xustificarse. Aínda así, os profesores de devandito ciclo levarán o control diario da asistencia do alumnado a fin de posuír máis datos para poder levar a cabo o seu labor docente.

A modo de resumo e de acordo con devanditas instrucións, as actuacións do centro no tratamento das faltas de asistencia do alumnado non xustificadas serían as seguintes:

- Cando un alumno sume 5 faltas mensuais de asistencia non xustificadas, o titor procederá a citar á familia con fin de tratar o asunto.
- Si se produce unha reincidencia, o seguinte paso é a citación por parte do Director/a para dialogar coa familia.
- O último paso que daría o centro en caso de extrema gravidade e como consecuencia da nosa preocupación polo alumnado sería trasladar a nosa inquietude aos Servizos Sociais Municipais para que interviñesen.

En calquera caso, comunicarase ás familias que o colexio realiza un control estrito da asistencia do alumnado a clase e que a reiteración de faltas se comunicará á Delegación Territorial. Os casos de absentismo continuado tamén serán comunicados á Delegación Territorial.

## 3.4- ACTUACIÓNS FORMATIVAS PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA ESTABLECIDAS NO PLAN DE CONVIVENCIA.

### 3.4.1- FORMACIÓN DO PROFESORADO.

O noso centro leva participando nos plansanuais de formación permanente do profesorado dende xa fai varios cursos académicos.

Ao final de cada curso escolar faiseunha valoración das necesidades formativas do profesorado para que xa, no inicio do novo curso, se concreten máis polo miúdo co fin de planificar a formación coa asesoría do CFR.

Dentro das liñas de traballomáisxenéricas que se ofertan nas convocatorias anuais dos PFPP, hai dúas que sempre están recollidas no noso plan de formación:
-Escola inclusiva e atención ádiversidade.
-Convivencia escolar e clima da aula. Centros saudables. Relacións coas familias.
Polo que así garantizamos que se inclúan acción dirixidas a mellorar a nosa formación no ámbito da resolución pacífica de conflitos ou mellora da convivencia de centro, ben sexa na modalidade de grupo de traballo, seminario ou curso.

Os contidos traballados nos distintos plans de formación son:
- Prevención de conflitos e acoso escolar.
- Intelixencia emocional.

- Adquisición de estratexias de negociación e resolución de conflitos.
- Escoita activa.
- Recoñecemento de sentimentos e emoción snun mesmo e nos demais
- Actitudes de non violencia, formas de relacionarse cos demais e tolerancia.
- Estratexias de toma de decisións.
-Habilidades sociais.
-Cohesión grupal, traballo e xogo cooperativo.

A participación do claustro nos PFPP anuais supera o 40%.

Por outra banda, hai que sinalar todas aquelas actividades formativas que, de xeito individual, solicita o profesorado a través dos distintos CFR, CAFI e outros servizos ou organismos, ben sexa de xeito presencial ou telemático.

#### 3.4.2- ESCOLA DE NAIS E PAIS

Aínda que non existe unha escola de nais e pais como tal, realízanse actividades dirixidas as familias a través de charlas ou obradoiros.

Parécenos interesante fomentar a colaboración entre escola e familias coa finalidade de marcar unha mesma liña de traballo.Con este motivo o centro organiza unha serie de charlas para as familia sco propósito de compartir experiencias e aprender sobre tema srelacionado directamente coa convivencia.Estas iranse programando ao longo dos tres trimestres e serán anunciadas por diversas canles. Ademais anunciaranse todas aquelas chlarlas ou talleres que sexan ofertadas polo concello.

Dende o PFPP que estamos a desenvolver no centro, tamén se ofertaron charlas para tratar os temas mencionados de resolución de conflitos e o uso controlado das TIC.

### 3.5- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

**PARA O ALUMNADO**

**Asistencia, entradas e saídas:**

- A puntual asistencia ás clases é un medio eficaz para favorecer o rendemento escolar e os hábitos de traballo e responsabilidade nos alumnos. É un dereito e un

deber. En consecuencia, toda ausencia ou todo atraso deben ser convenientemente xustificados e por anticipado, sempre que estea prevista a non asistencia, por medio de:

- Xustificación na axenda escolar.
- Notificación médica.
- Notificación por escrito de pais/titores.
- Notificación verbal por presenza de pais/titores.
- Notificación por teléfono de pais/titores.

• Durante o horario escolar non se poderá abandonar o recinto escolar sen previo permiso do titor, e para que o alumno poda saír do centro o pai cubrirá e asignará o permiso que o centro dispón.

• As familias evitarán que as ausencias prodúzanse por motivos leves (vacacións familiares, pontes non oficiais, semana da neve, etc.).

• As ausencias de clase, así como a puntualidade, serán controladas por cada profesor, quen informará ao Titor do curso. Os atrasos reiterados serán computados cada 3 como a falta dunha sesión sen xustificar.

• Todos os alumnos deberán gardar silencio ao entrar e saír das aulas ata o patio, así como gardar orden (no empuxar nin correr).

• A hora da saída do centro, o alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria que non vaian facer uso do comedor ou utilicen o transporte escolar, poderán marchar para a súa casa sen que os veñan a buscar; cunha autorización por escrito asinada polo pai/nai ou titor legal. Os alumnos de infantil e NEAE sempre sairán acompañados de un adulto. Farase o mesmo á saída do comedor escolar.

**Sobre o vestir e aseo.**

É importante coidar o bo porte persoal e o aseo como norma de convivencia e tamén como proxección do colexio cara á sociedade.

• Por dignidade e respecto persoal e en atención á boa convivencia, os alumnos deben asistir ao colexio convenientemente vestidos, aseados, peiteados e con roupa limpa. Para iso considerarase como normal o vestido de rúa, podendo facer uso de roupa de sport e ou chándal.

- Non se permite deixar á vista a roupa interior que leve posta, considerándose como unha falta de respecto o que así o faga.
- Para facilitar o labor dos profesores e desenvolver a súa propia autonomía, os alumnos de Educación Infantil (de 3 a 5 anos) virán ao colexio con roupa máis cómoda sen cintos, nin tirantes e, podendo ser, calzado de velcro.
- Os alumnos non poderán ter posta  ningún tipo de prenda na cabeza durante as clases. De forma excepcional, esta norma adaptarase en caso dunha enfermidade.
- No  caso de epidemia de contaxio, incluídos os portadores de piollos,  o alumno afectado enviarase a súa casa ata a súa total recuperación.
- No caso de precisarse o uso de máscaras hixiénicas, o alumnado deberá levarunha postan(limpa) e outra de reposto. No caso de rotura ou calquera estrago na máscara e non ter unha de reposto, será a escola a que facilite puntualmente unha máscara limpa.

**Na aula.**

- Non se debe correr nin gritar.
- Todos os alumnos deberán respectar o dereito dos demais compañeiros á educación non interrompendo a clase.
- Todos os  alumnos deben ter todo o material necesario para realizar o traballo na aula sendo súa responsabilidade coidar del, non podendo reclamar danos ao colexio se o deixa esquecido.
- Débese respectar o material dos compañeiros.
- Os alumnos respectarán o material e o mobiliario da clase non escribindo nin facendo pintadas no mesmo.
- Cada alumno respectará ao profesor e aos compañeiros coidando o trato con eles.
- Ningún alumno poderá entrar noutra clase que non sexa a súa sen permiso do profesor.
- Os alumnos deberán mostrar interese e atención ás clases seguindo con regularidade as explicacións do profesor.
- Ao saír da clase, a aula quedará ordenada e as cadeiras poñeranse sobre as mesas.
- Non se poderá xogar cos interruptores da luz, enchufes, manillas das portas, cerrar e abrir as portas dando golpes, colgarse dos percheiros, etc...

- Non se tolerarán discusións, preitos, insultos, malos tratos nin malos xestos entre compañeiros, nin entre alumnos-profesor. Tampouco se permitirán accións humillantes de ningún tipo.
- Deberase acatar calqueraorde dada por un profesor aínda que non sexa o seutitor, sempre que esta no vaia en contra dos Dereitos e Deberes dos alumnos.
- Non está permitido que un alumno abandone a clase e  se asome ao corredor ou as fiestras cando o profesor está ausente.
- Evitarase que os alumnos saian sen permiso da aula durante as clases. As visitas ao aseo faranse unicamente nos tempos establecidos para iso.
- Sempre que algún mestre, tanto titor como especialista, saia cos rapaces da aula e non quede ninguén nela, deberá sempre pechar a porta da mesma, para que ningún alumno poidaintuír que non hai ninguén nesa dependencia e teña tentación de entrar para facer alguna falcatruada
- Non está permitido ter en clase operativos ningún tipo de dispositivo electrónico como teléfonos móviles ou tablets.

O incumprimento dalgunha destas normas será considerado conduta contraria ás Normas de Convivencia.

**Corredores:**

Polos corredores ou escaleiras andarase ordenadamente, en silencio e sen correr para non entorpecer o normal desenvolvemento das clases.

Cada grupo de alumnos está obrigado a utilizar sempre as rutas de subida e baixada establecidas.

**Recreo:**

Os alumnos deberán aterse ás seguintes normas:

- Durante o recreo os alumnos permanecerán nos lugares que estean  asignados.
- Ninguén debe permanecer na clase, os corredores, as escaleiras ou o vestíbulo de entrada antes do primeiro toque de timbre, tanto durante o recreo como ás entradas.
- Se os alumnos quedan na clase o profesor deberá permanecer con eles.
- Todos os alumnos deben permanecer no recinto do centro. Ningún alumno poderá ausentarse dos patios, salvo con expresa autorización e acompañado dun adulto.

- Débese respectar a todos os compañeirosxa sexan maiores ou pequenos, así como acatar as indicacións dos profesores que acompañan o recreo.
- Non se pode  correr polos corredores nin espazos do interior do colexio.
- Non se debe subir aos muros, vallas, nin porterías.
- Non se deben realizar xogos violentos.
- No se poden  tirar papeis ao chan, utilizándose para iso as papeleiras.
- Non se poderá xogar nos xardíns ni pisar as árbores e plantas nin estropealos.
- Non se pode  xogar con paus, pedras, patíns, bicicletas nin con aqueles obxectos que queden prohibidos polo Claustro de Profesores ou o Consello Escolar.

O incumprimento dalgunha destas normas será considerado conduta contraria ás Normas de Convivencia.

**Biblioteca:**

O servizo de biblioteca rexerase polas seguintes normas:

- Cada titoría poderá ter asignada unha hora á semana para uso directo da biblioteca se así o desexa o titor.
- Ao rematar a sesión de biblioteca, o mestre procurará que os alumnos deixen os libros ben colocados no seu lugar correspondente e as cadeiras levantadas enriba das mesas.
- Haberá un mestre encargado da organización e xestión de cada unha das dúas bibliotecas que disporá no seu horario de dúas horas semanais (dependendo das necesidades do centro) para as tarefas propias deste servizo coma rexistro de libros, clasificación, introduciónna base de datos, dinamización…
- O préstamo, recollida e control será levado polos encargados coa axuda do programa Meiga.
- Aqueles alumnos que ao remate do curso non devolverán ou repuxeran libros que se lles prestaran con anterioridade serán incorporados a unha lista de morosos que manexarán os responsables do servizo de préstamo e non se lles prestará ningún libro máis ata que repoñan o/os libro/s que non foron devoltos.
- Respectar o horario de funcionamento.
- Coidar o material.
- Gardar silencio cando o indique o profesor.
- Respectar ao profesor tanto de palabra como de xestos.

**Uso da aula de informática:**

- A aula de informática permanecerá pechada baixo chave en todo momento, salvo nos casos en que un mestre acuda cos seus alumnos. A chave recollerase en conserxería.
- Os rapaces sópoderán acceder e permanecer nesta dependencia acompañados sempre por un mestre, que se encargará de vixiar o correcto uso dos equipos por parte dos alumnos; tamén no caso de que estes se conecten a internet, velará que non anden navegando por páxinas con contidos pouco apropiados, como poden ser nudez, linguaxe obsceno, sexo, violencia, etc.
- O ordenador da mesa do mestre, quedará reservado para uso exclusivo dos membros do claustro e ningún alumno poderá acceder ao mesmo sen permiso do mestre/-a. No caso en que algún mestre desexase instalar ou desinstalar algún software neste equipo, deberá comunicalo previamente ao coordinador TIC do centro.
- Se calquera mestre observa o mal funcionamentoou deterioro dalgún dos equipos ou a falta dalgún periférico ou elemento, deberá comunicalo canto antes á dirección.
- Os aparellos e resto de material deben ser tratados con coidado e delicadeza (non andar a golpes con eles, ter coidado de non tocar os cables, non tocar cos dedos no cristal do monitor, etc.) para asegurar unha máxima lonxevidade dos equipos. Por todo isto sería desexable que todos tiveran as mans ben limpas antes de manexar os trebellos.
- Queda totalmente prohibido que os alumnos instalen ou desinstalen calquera tipo de software, así como modificar a configuración dos equipos (dirección IP, resolución, etc.). Só no caso en que o mestre encargado desexase instruílos no manexo do sistema operativo ou outras aplicacións, poderían modificar elementos secundarios como o protector de pantalla, iconas, fondos, etc. pero sempre baixo a supervisión do mestre e obrigando ao alumno a deixar o entorno tal e como estaba cando acendeu o equipo.
- Unha vez rematada a clase, o mestre coidará de que o apagado dos equipos se faga correctamente por parte dos alumnos e que non queden acendidos nin monitor nin altofalantes nin CPUs.
- Unha vez feito isto pechará a porta con chave e deixará a mesma en conserxería nese mesmo momento por se outra persoa necesitase acceder á aula.

**Sobre servizos hixiénicos.**

- Deben conservarse decorosamente todas as instalacións dos servizos tendo coidado de non botar obxectos que poida natuír os desaugues, non tirar auga no chan, non golpear as portas, etc.
- Os alumnos deberán usar os servizos destinados exclusivamente para eles, e nunca os reservados para mestres, salvo permiso expreso dalgún mestre.
- Quen abra unha billa para lavarse, beber auga, etc. deberá pechala antes de marchar e deixar o lavabo limpo.
- Logo de miccións ou defecacións deberá tirarse sempre da cadea. En caso de mal funcionamento avisarase ao titor ou mestre correspondente.
- Os alumnos usarán os baños antes de tomar a merenda, no tempo de recreo ou durantea clase.Os que vaian en horas de clase con permiso do profesor, o farán en silencio e con rapidez.
- Non se pode raiar nin pintar ou escribir nas portas nin nas paredes.
- Tirar os papeis na papeleira.

- Desinfectarse as mans con xel hidroalcóhólico se así o esixe o momento ou as autoridades sanitarias.

**No Comedor.**

Ao ser o comedor un servizo voluntario, entendemos que quen o usan aceptan as presentes normas de funcionamento:

- Os nenos irán acompañados ata o comedor polo mestre que se atopen a súa clase na hora anterior ao xantar.
- A entrada ao mesmo realizarase en orden e en silencio.
- Os alumnos ocuparán durante todo o curso e, salvo excepcións puntuais, o lugar na mesa que lles será asignado, e non poderá cambiarse sen permiso.
- Os alumnos deixarán os seus abrigos e as súas pertenzas no lugar asignado para iso.
- Está prohibido xogar nas mesas; estarase adecuadamente sentado e procurarase manter un ton de voz normal, sen berrar..
- Está terminantemente prohibido xogar coa comida ou os utensilios.
- Os alumnos serán puntuais para favorecer a utilización do comedor.
- En todo momento serán respectuosos e obedecerán as indicacións dos monitores e o persoal responsable encargado.

- Os alumnos que utilizan o comedor non poderánsaír do recinto escolar, salvo con expresa autorización dos seus monitores e responsables.
- Os alumnos- comensais deberán comer todo o que se sirva no menú do día, agás en casos xustificados por prescrición facultativa.

O incumprimento dalgunha destas normas será considerado conduta contraria ás Normas de Convivencia.

**No Transporte.**

Ao ser un servizo opcional, quen o usan aceptan as seguintes normas:

- O servizo do transporte escolar é organizado e dirixido pola empresa.
- Os alumnos non poden cambiarse de ruta ou paradas asignadas, sen o aviso previo dos pais, por escrito, e a autorización da empresa e da dirección.
- Só poderán facer uso de devandito servizo os alumnos inscritos.
- A inscrición neste servizo, salvo casos imprevistos, realizarase antes do comezo do curso e para unha duración de todo o curso.
- O comportamento dos alumnos que utilicen o servizo de transporte escolar debe ser en toda ocasión acorde cunha boa educación cívica.
- Considéranse faltas por mal comportamento as seguintes:
    - Utilizar unha linguaxe groseira.
    - Proferir insultos ou gastar bromas pesadas aos compañeiros, os acompañantes responsables ou ao persoal da empresa transportista.
    - Maltratar o material dos autobuses.
    - Comer ou beber dentro do autobús, tirar papeis e, en xeral, ensuciar o vehículo.
    - Facer caso omiso ás indicacións ou faltar ao respecto das persoas responsables do servizo.
    - Non sentar adecuadamente, ou poñerse en pé, estando o autobús en marcha.
    - Faltar ao respecto e lesionar os dereitos dos demais nenos.

Nas paradas asignadas, entregarase aos nenos únicamente ás persoas autorizadas, polo que se roga aos pais que notifiquen calquera cambio na Secretaría do Centro.

**Sobre o uso do Taboleiro de anuncios:**

Segundo a lexislación vixente e con recordatorio incluído da Administración Pública, parece oportuno ditar as seguintes instrucións:

- O Director coidará de que os taboleiros de anuncios e demais instalacións dos mesmos sexan utilizados exclusivamente para fins propios do servizo público docente; o seu emprego para fins distintos (propagandísticos, publicitarios ou referidos a declaración ou manifestacións de coñecemento, xuízo ou vontade sobre cuestión alleas ao ámbito que competencialmente lle é propio), resultan, polo tanto, claramente ilegais.
- É, así mesmo, ilegal que un centro docente recabe, recolla ou emita, por calquera medio ou procedemento (resolución, acordo, asemblea, consulta, votación, "referendum" ou similar), declaración ou manifestacións de coñecemento, xuízo ou vontade sobre cuestión alleas ao ámbito que competencialmente lle é propio.

  Tamén destacar que teñen unha serie de dereitos e deberes.

Dereitos.(Real Decreto 732/1995 do 5 de maio).

- Os alumnos/as teñen dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- Dereito ás mesmas oportunidades de acceso ós distintos niveis do ensino.
- Pedir e recibir información das súas avaliacións así como da súa marcha nas distintas materias.
- Dereito a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade.
- Recibir orientación escolar e profesional para acadar o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional segundo as súas capacidades.
- Dereito a que a súa actividade académica se desenvolvanas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Respecto á súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.
- Respecto pola súa integridade física ou moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto de tratos vexatorios ou degradantes.
- Dereito á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos doutros membros da comunidade educativa e o respecto que merecen persoas e institucións.
- Dereito a manifesta-la súa discrepancia respecto a decisións educativas que lles afecten.
- Teñen dereito a presentarse como candidatos/as e elixir ósseus representantes de aula e que estes transmitan as súas suxestións.

**Deberes.**

- Asistir a clase con puntualidade e participar no desenvolvemento das actividades docentes acadando un aproveitamento óptimo de todos os contidos curriculares que se desenvolvan nas distintas sesións lectivas.
- Aportar os materiais didácticos necesarios para o desenvolvemento das actividades docentes.
- Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- Comunicar e xustificar as faltas de asistencia.
- Respectar o dereito de estudio dos compañeiros/as.
- Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe.
- Amosar actitudes de respecto e consideración cara a todos os membros da comunidade educativa.
- Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razóns de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro, de acordo coa lexislación vixente.
- Participar nas actividades complementarias como unha actividade docente máis, sendo obrigatoria a súa asistencia á clase no caso de non realizalas.
- Coñecer e cumprir as normas recollidas no N.O.F., colaborando na boa marcha da aula e do centro.
- Coidar e manter limpos e ordenados os espazos e enseres a utilizar por cada un (mesa, cadeira, encerados, materiais da biblioteca, etc...) así como manter a hixiene nos espazos do centro (patio, servizos, aulas, etc...)
- Comunicar ao titor/a, mestre ou membros do Equipo Directivo calquera altercado ou problema que poida acaecer no centro escolar.
- Cumprir unhas normas de elemental civismo e comportarse adecuadamente en todo momento nas paradas do transporte escolar e dentro dos autobuses.

**PARA O PROFESORADO**

**No colexio, en xeral.**

- Os profesores poderán formular suxestións, propostas, peticións ou queixas diante dos órganos de goberno do centro.

- Todo o profesorado ten dereito á liberdade de cátedra para desenvolver o seu labor docente, así como a dispoñer dos medios técnicos e materiais para desenvolver as súas funcións docentes.
- Igualmente debenser informados de todo o concernente ao funcionamento do centro, ao respecto a súa dignidade persoal e profesional, á súa ideoloxía e ás súas opinións.
- Deberán asistir con puntualidade á clase e a todasas actividades académicas. Como norma xeral o profesorado deberá chegar ao centro non máis tarde de 5 minutos antes de comezar as súas actividades docentes. As ausencias comunicaranse previamente ao director ou xefe de estudos e de non poder prevelas, notificaranse o antes posible a fin de organizar a substitución pertinente.
- Cumprir na súa totalidade a xornada laboral.
- Acudir coa máxima puntualidade aos inicios e aos cambios de clase, tanto por parte dos titores coma dos especialistas, para que non haxa tempos mortos nos que os alumnos non estean vixiados.
- De estar presente coseu alumnado tanto nas clases coma nas actividades complementarias, facéndose cargo dos mesmos ata o remate do horario escolar.
- No caso de alumnos con necesidade específica de apoio educativo que reciban apoio fóra da aula, sempre deberá esperarse a que veña recollelos a persoa que os vai atender ou o coidador correspondente, e nunca mandalos por conta propia ao lugar onde vaian recibir o apoio. Farase unha excepción cos alumnos que estean a traballar a autonomía persoal, cos que só se exercerá unha vixiancia nestes cambios.
- De comunicar ao Equipo Directivo para a súa aprobación calquera actividade que implique a modificación do horario escolar establecido, así coma non saír do centro escolar co alumnado sen previa comunicación á dirección do centro.
- Velar polo cumprimento das normas de convivencia no centro así como da disciplina na realización de outras actividades tanto dentro coma fora do recinto escolar.
- O profesor/a é o encargado en cada unha das horas lectivas de velar polo mantemento la limpeza da aula, así coma do mantemento dos materiais e aparellos que haxa en cada unha delas.
- Elaborar a principios de curso a programación anual a nivel individual ou de ciclo, tomando coma referencia a memoria anual do curso pasado. Na primeira quincena de setembro, revisaranse os informes do alumnado elaborados no curso pasado

para detectar as posibles carencias ou deficiencias existentes, abrindo canles e adecuando a resposta educativa coas accións e medidas de atención ádiversidade.
- Os mestre/as titores/as  e todo o profesorado do centro cumprirán coas tarefas que lles son encomendadas na normativa vixente.

**Adscrición:**

- Darase preferencia á permanencia dun mesmo profesor/a como titor/a dun curso ao longo do ciclo para o mesmo grupo de alumnos/as, aínda cando este sexa provisional, respectaráselle o dereito a permanecer no ciclo co mesmo grupo de alumnos/as.

- Cando unha titoría quede vacante será asignada segundo a lexislación vixente. A titoría recaerá no profesor/a que imparta máis horas de docencia con ese grupo de clase.

- Para a formación dos Equipos de Ciclo procurarase que se integren nel todos os mestres que imparten docencia no ciclo. Asistirán tamén aquelas outras que sexan convocadas polo coordinador/a cando a importancia do asunto a tratar así o requira.

**Horarios.**

A elaboración dos horarios do centro ao inicio do curso e cando as circunstancias o permitan intentarán ter en conta os seguintes criterios:

- A organización dos períodos lectivos e o tempo de recreo: Os cinco períodos lectivos organízanse en dous bloques, o primeiro composto de tres sesións de clase seguidos dun tempo de 30 minutos de recreo, de xeito que se reduce a fatiga do alumnado e teñen tempo de tomar un tentempié. A continuación 20 minutos definidos coma "hora de ler" e dúas sesións de clase mais. Na hora de ler todo o alumnado de Primaria fai lectura na aula, silenciosa ou conxunta dependendo do nivel, deste xeito, acougan despois do tempo de recreo no patio e recuperan a atención e concentración necesarias para o traballo escolar nas dúas últimas sesións. En educación infantil non se implanta a hora de ler, pero se farán xogos tradicionais,  decorro...  dirixidos  a lograr  que  se  erradiquen  os  xogosmais agresivos que se veñen observando no patio.
- Favorecer o aproveitamento dos recintos escolares de uso común, tales como Ximnasio, Aula de Alternativa á relixión Católica, aula de audiovisuais, informática e Biblioteca.

- Evitar dentro do posible que se impartan en días consecutivos as materias cunha carga lectiva de dúas hora semanais.
- Respectar e adecuar os horarios dos espazos compartidos con outros centros educativos, tal como é o caso do Ximnasio do Centro de Educación Especial onde acoden os alumnos do Anexo a unha sesión de Educación Física e que coincida co horario dos seus alumnos que comparten sesión integradora, ou o pavillón compartido co CEIP. Arealonga, a onde van os alumnos do edificio principal da Lomba.
- A necesidade de ter tres profesores de garda no edificio de A Lomba e dous no Anexo en todos os períodos lectivos.
- Intentar dar prioridade ás entradas e saídas dos rapaces de 3 anos coas súas titoras.
- Que os alumnos con escolaridade compartida tiveran polo menos unha sesión de cada materia no noso centro.
- Que os apoios resultantes das horas libres e de dinamización que xa non temos, fosen entre mestres do mesmo nivel, ciclo ou ciclos continuos sempre que fose posible e tentar que o número de Mestres incidindo en cada clase fose o menor posible.
- Que aos mestres que fan gardas de transporte escolar, cada dous días de garda semanal lles corresponda unha sesión libre de docencia.
- Que os mestres por cuestión de horario, teñan que impartir docencia nos dous centros, de poder ser que os días que estean en cada centro fosen completos, evitando desprazamentos no medio da xornada
- Que no edificio do anexo as clases que se imparten na aula de psicomotricidade prevaleza esta materia sobre a de música, que tamén se imparte nesta mesma aula.

Todo isto será modificado/adaptado en caso de que as autoridades educativas ou sanitarias esixan algunha modificación (situación COVID, por exemplo)

**Substitucións.**

A orde establecida para a realización de substitucións en caso de ausencia do profesorado será a seguinte:

- En **primeiro** lugar: profesorado de garda. Figurará para cada docente as horas dispoñibles de garda nunha táboa que se establecerá ao inicio do curso. Se houbese máis dun profesor/a de garda nunha mesma sesión, irán substituíndo alternativamente.
- En **segundo** lugar: Mestres en horas de apoio.

- En **terceiro** lugar e por orde: Profesorado con horas das seguintes actividades:

- Mestres con horas de biblioteca ou coordinacións (normalización, ciclos, extraescolares).
- Profesorado de P.T.
- Equipo Directivo.

Para evitar varias ausencias no mesmo día o profesorado notificará a solicitude para faltar con polo menos dous días de antelación. En caso de indisposición repentina ou asunto urxente que xurda a última hora, o/a profesor/a deberá comunicaloá dirección polo menos dez minutos antes do inicio das clases.

**Licencias e permisos.**
Atenderase á Normativa Vixente.

**Asistencia a actividades de formación.**
A admisión a actividades de formación do profesorado que se desenvolvan dentro do horario lectivo implica autorización para asistir ás mesmas que será remitida á inspección e á dirección do centro segundo modelo existente.

**No recreo.**
Os mestres atenderán o coidado e vixiancia dos recreos, cumprindo e facendo cumprir as normas vixentes, sendo responsables dos alumnos que lle corresponda. Ao comezo de curso elaborarase un turno rotativo de patio.

Serán tarefas do/a profesor/a de garda as que a continuación se detallan:
- Velar pola seguridade dos alumnos e manter a orde e disciplina nas entradas así coma no patio que lle corresponda nos recreos. A tal efecto procurará baixar coa máxima puntualidade ao patio que teña asignado para que os alumnos estean vixiados en todo momento.
- Atender ao alumnado que teña sufrido algún sinistro ou accidente, comunicandoo inmediatamente ao titor correspondinte. Será o titor o que lle fará as curas, no caso de ser necesarias, chamar aos pais, ou tomar outra decisión.

<u>**PARA AS FAMILIAS**</u>

**Dereitos:** Os país ou titores dos alumnos de este Colexio teñen os seguintes dereitos:

a) Que  os seus fillos reciban unha educación de acordó aos fins establecidos na Constitución e nas leis educativas correspondentes.
b) Que os seus fillos reciban a formación relixiosa e/o moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
c) Elixir seus representantes no Consello Escolar.
d) A ser membro, si o desexa, de asociacións no ámbito educativo.

**Deberes:** Os país ou titores de alumnos de este Colexio teñen os seguintes deberes:
a) Participar como membros activos da Comunidade Escolar.
b) Colaborar en todo aquilo que redunde no beneficio do Centro.
c) Colaborar co titor/a na educación do seu fillo/a, atendendo as súas indicacións e axudando á corrección de actitudes de indisciplina.
d) Facilitar ao titor/a canta información, sobre aspectos relativos á educación, lle requira sobre o seu fillo/a.
e) Asistir ás reunións de curso convocadas polo titor/a.
f) Proporcionar ao seufillo/a o material imprescindible para o desenrolo do traballo escolar e, en caso de imposibilidade, comunicalo ao titor/a ou a outro profesor/a.
g) Personarse no Centro cando sexa requirido por asuntos de interese xeral ou persoal do seu fillo/a.
h) Avisar previamente a falta de asistencia do seu fillo/a e, cando sexa imprevisible, xustificala segundo o  modelo establecido.
i) Facer que os seus fillos asistan ao Centro co aseo debido e con puntualidade.
j) Non mandar ao seu fillo ao Colexio en período de enfermidade contaxiosa.
k) Cumprir o presente Regulamentona medida que lles afecte.

**Visitas aos titores:** No  horario xeral do Centro  establécense os días e horas das visitas dos país aos titores. Estas visitas serán sempre fora do horario lectivo, salvo casos debidamente xustificados.

Debido á situación sanitaria, aconséllase dentro da medida do posible que sexan por vía telefónica o telemática debido ao Protocolo vixente de Adaptación ao Covid

Os profesores especialistas e de apoio, asistirán ás reunións cos pais e titor, cando o titor o requira ou sexa desexo dos pais que estean presentes.

## 3.6- ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO.

A concreción e medidas de corrección das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento recolleranse nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrucción dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común. Ámbolos dous procedementos deberán axustarse ao disposto no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015. Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015, poderase utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora naxestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

***<u>Mediación escolar</u>***

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.
Recientemente temos comezado a traballar a mediación, habilitando un espazo nos corredores onde o alumnado se reúne para intentar resolver un conflito leve.

De cara a vindeiros cursos temos pensado comezar un programa de alumnado mediador para o que é preciso levar a cabo a formación tanto do alumnado como do profesorado.

Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se aplican polo incumprimento das normas de convivencia reúnen os seguintes requisitos:

- Teñen carácter educativo e recuperador.
- Garanten o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procuran a mellora da convivencia no centro docente.
- Contribúen a que a alumna ou o alumno asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.

Atendendo o **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, podemos agrupar as condutas contrarias á convivencia, tipificadas como “faltas”, en dous tipos:

- Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- Condutas leves contrarias á convivencia.

O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración Educativa e dos corpos de seguridadecorrespondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

### 3.6.1.- CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA, MEDIDAS CORRECTORAS, RESPONSABLES E PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN.

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

1. As faltas inxustificadas de puntualidade.
2. As faltas inxustificadas de asistencia a clase.
3. A deterioración non grave, causado intencionadamente, das dependencias do centro, do material deste ou dos obxectos e pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
4. Calquera acto inxustificado que altere o normal desenvolvemento das actividades do centro.
5. A falta de respecto ao exercicio do dereito ao estudo dos compañeiros.
6. A actitude pasiva reiterada en actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
7. Os actos de indisciplina, falta de respecto, ameaza, inxuria ou ofensa non graves que se produzan contra calquera membro da comunidade educativa, así como as agresións físicas non graves entre alumnos.
8. Uso reiterado de indumentaria inadecuada.
9. Uso de vocabulario soez ou ofensivo.

10. A utilización inadecuada e perturbadora de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos no recinto escolar.
11. Os actos causantes de suciedade.
12. Consumo de cigarros ou drogas.
13. Os actos de coacción ou a incitación a actuar contra as normas do colexio.
14. A exhibición de símbolos discriminatorios ou ofensivos.
15. A exhibición de comportamentos que poidan ferir a sensibilidade.
16. Causar por uso indebido danos nos locais, material ou documentos do centro ou nos obxectos que pertenzan a outros membros da comunidade educativa.
17. As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación aos mesmos.
18. A actitude negativa reincidente no proceso de ensino-aprendizaxe.
19. A tenencia e exhibición de utensilios perigosos.
20. Incumprimento das sancións impostas.
21. A apropiación indebida de obxectos.

MEDIDAS CORRECTORAS E RESPONSABLES.

| MEDIDAS CORRECTORAS | ¿QUEN? | CONDICIÓNS |
|---|---|---|
| a)Amoestación privada ou por escrito | - Profesor do alumno | - Oído o alumno e dando conta ao Xefe de estudos. |
| | - Titor do alumno | - Oído o alumno e dando conta ao Xefe de estudos. |
| | Xefe de Estudos ou dirección | - Oído o alumno e ó profesor ou titor. |
| b) Comparecencia inmediata ante o xefe de estudos. | -Profesor do alumno | - Oído o alumno e dando conta ao xefe de estudos |
| | - Titor do alumno | - Oído o alumno e dando conta ao Xefe de estudos. |
| c) Realización de traballos específicos: horario non lectivo | -Profesor do alumno | - Oído o alumno e dando conta ao xefe de estudos |
| | - Titor do alumno | - Oído o alumno e dando conta ao xefe de estudos |
| | - Xefe de estudos | - Oído o alumno e ó profesor |

| | | |
|---|---|---|
| | - Director | ou titor. |
| d) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades no centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ásinstalaciónsouao material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa. | - Titor do alumno | - Oído o alumno e dando conta ao Xefe de estudos. |
| | - Xefe/a de estudos<br><br>-Director/a | - Oído o alumno e ó profesor ou titor. |
| e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro | - Xefe de estudos<br><br>-Director | - Oído o alumno e ó profesor ou titor. |
| f) Cambio de grupo do alumno por un prazo máximo dunha semana. | -Xefe de estudos<br><br>- Director | - Oído o alumno e ó profesor ou titor. |
| g)Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo. | - Director | - Oído o alumno e ó profesor ou titor.<br><br>*Comunicaranse ao pai/nai antes de facerse efectivas e á Comisión de Convivencia. |
| h) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen | - Director | • Oído o alumno e ó profesor ou titor.<br><br>*Comunicarans eao pai/nai antes de facerse efectivas e á Comisión de Convivencia. |

| | | |
|---|---|---|
| para evitar a interrupción do proceso formativo. | | |

**3.6.1.- CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA, MEDIDAS CORRECTORAS, RESPONSABLES E PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN.**

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia as que se enumeran a continuación:

- Os actos de indisciplina, inxuriaou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- A agresión grave, física ou moral, contra os demaismembros da comunidade educativa ou a discriminación grave.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ousubtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados por uso indebido ou de forma intencionada nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.
- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas
- Incumprimento das sancións impostas.

<u>MEDIDAS CORRECTORAS E RESPONSABLES</u>

| **MEDIDAS CORRECTORAS** | **QUEN** | **OBSERVACIÓNS** |
|---|---|---|
| a) Relación de tarefas que contribúen á mellora e desenvolvemento de actividades do centro ou, se procede, a reparar o dano | | **-** Instrución do expediente.<br><br>-As tarefas deberán realizarse no horario lectivo. |

| | | |
|---|---|---|
| causado ás instalacións/ material do centro ou pertenzas doutros membros da comunidade. | | |
| b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro. | | - Instrución do expediente |
| c) Cambio de grupo | -Director por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado, do titorouxefatura de estudos, ou logo da denuncia de outrosmembros da comunidade educativa. | - Instrución do expediente |
| d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas. | | -Instrución do expediente.<br><br>- No tempo que dure o alumno deberá realizar os deberes outraballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo. |
| e) Suspensión do dereito de asistencias ao centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes. | | -Instrución do expediente.<br><br>- No tempo que dure o alumno deberá realizar os deberes outraballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo. |
| f) Cambio de centro | | - Instrución do expediente<br><br>- A administración educativa procurará ao alumno un posto escolar noutro centro docente. |

<u>Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.</u>

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrucción dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.
2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

### 3.6.2- CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DO INSTRUTOR (Procedemento común/ mediadores no procedemento conciliado).

Ante un **procedemento común**, a direción do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos corretores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. En todo caso, corresponderá aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamiento do centro os criterios polos que se realizará dita designación.

A persoa instructora terá as siguientes funcións:

a) Praticar cantas dilixencias estime pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o grado de responsabilidade.

b) Custodiar os documentos e os efectos postos á súa disposición durante a instrución.

c) Propoñer á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 do Decreto 8/2015.

d) Propoñer á dirección do centro o arquivo das actuaciones se despois das indagacións realizadas estima que non procede corrixir a conducta.

A persoainstrutoradisporá de cinco días letivos para a instrución do procedimiento corretor, contados a partir da súa designación.

No **procedemento conciliado** actuará unha persoa mediadora na forma que se establezanas normas de organización e funcionamiento do centro.

A persoa mediadora non sustituirá á instructora do procedemento, senon que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e un consenso na medida corretora que se vaia aplicar.

As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguientes:

a) Contribuir ao proceso de conciliación.

b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.

c) Apoiar o adecuado cumprimiento do acordado no procedemento conciliado.

### 3.6.3.- GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneirotomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios.

Son circunstancias **ATENUANTES**:

- Recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A falta de intencionalidade.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- Carácter ocasional da conduta.
- Cando tras o proceso de mediación escolar que leve a efecto, non poida chegarse a un acordó ou este non se poida cumprir por causas non imputables ao alumno infractor.
- Outras circunstancias de carácter persoal que poidan incidir na conduta do alumno.
- Aquelas que estableza a lexislación vixente.

Son circunstancias **AGRAVANTES**

- A premeditación e/ou a reiteración.
- Causar dano, inxuriaou ofensa aos compañeiros de menor idade ou ao recentemente incorporados ao Centro.

- Calquera acto que entrañe ou fomente a violencia, a discriminación, o racismo, a xenofobia ou o menoscabo dos principios do Carácter Propio ou do Proxecto Educativo.
- A incitación á actuación individual ou colectiva lesiva dos dereitos dos demais membros da comunidade educativa.
- A alarma social causada polas condutas perturbadoras da convivencia, con especial atención aos actos que presenten características de acoso ou intimidación a outro alumno.
- A gravidade dos prexuízos causados ao centro ou a calquera membro da comunidade educativa.
- A publicidade ou "jactancia" de condutas perturbadoras da convivencia a través de aparellos electrónicos ou calquera outro medio.
- Aquelas que estableza a lexislación vixente.

**3.6.4.- REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS.**

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por neglixencia, ásinstalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor.

As nais e país ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas oumorais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordoco que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

### 3.6.5.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Protocolo de actuación cos alumnos que presenten alteracións do comportamento ante situacións NON favorables á convivencia no Centro

ACTUACIÓNS DO TITOR/PROFESOR:

a. Coñecido o incidente, indagar en todo o que o acompaña e deixar constancia escrita. Falar cos alumnos (agredido, agresor/es …) . Contrastar informacións.

b. Encadrar a conduta que supón alteración normal da convivencia como "conduta contraria" ou "conduta gravemente contraria".

Se a catalogación é de "conduta contraria":

- Amoestar aos alumnos, deixando constancia escrita e dándolles copia desta amoestación. Se ademais se toma alguna outra medida, facelo constar.
- Informar ao titor e á directora do incidente e da actuación.
- Se procede, informar aos pais do alumno/a.
- As condutas contrarias prescriben no prazo dun mes contando a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán á finalización do curso escolar.

Se a catalogación é de "conduta gravemente contraria" :(segundo a apreciación subxectiva):

- Amoestarao alumno/a.
- Trasladar a información á Dirección do Centro.
- O director convocará á comisión de Convivencia.

ACTUACIÓNS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

O director/a determina se procede ou non á apertura do expediente disciplinario e informará a Comisión de Convivencia. Tanto nun caso como noutro tomará algunha medida correctiva.

a. **NON PROCEDE** á apertura do expediente:

- Deixarase constancia escrita do incidente e da medida correctiva.

- Falarase cos pais.

b. **PROCEDE** á apertura do expediente:

■ Ser meticuloso no seguimento de todos os pasos do procedemento.

### 3.6.6. SOLICITUDE DE REVISIÓN E EXECUCIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS.

As persoas proxenitoras ou representantes legais das alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras derivadas dunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia poderán mostrar o seudesacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

### 3.6.7. ASPECTOS FORMAIS DOS PROCEDEMENTOS CORRECTORES.

No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito.

O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordoco establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar aoprocedemento.
b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
c) A norma que se considere infrinxida.
d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.

e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

As citaciónsás alumnas ouaos alumnos ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.

A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicación ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

As audiencias e comparecencias das nais e paisou das titoras ou titores legais do alumnado nos procedementos son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

### 3.6.8- PROCEDEMENTO CONCILIADO.

O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno corrixido e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a poñerse de acordonas medidas correctoras e facilitar a rapidez da

corrección educativa. Require da instrucción dun procedemento corrector, de acordó co previsto neste decreto.

**O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos**:
a) Que o alumno/a responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

O procedemento conciliado **non procederá nos seguintes casos**:
a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
b) Cando apersoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
c) Cando o alumno/a autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipado, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

**Desenvolvemento do proceso conciliado.**
1. Cando o alumno/a ou, de ser menor non emancipado, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. Na reunión, a persoa instrutora recordaralles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipado, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destes que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais deste que as declaracións que se realicen

formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propor á algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas punto 8.4 deste Plan de Convivencia. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno autor da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste.
O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

6. O incumprimento por parte do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o punto 8.21 deste Plan de Convivencia.

### 3.6.9- PRESCRICIÓN DE CONDUTAS E DE CORRECCIÓNS.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste Plan de Convivencia, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aoscatro meses da súa imposición.

## 3.7- NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

Torrego Seijo (2006) define modelo de tratamento da convivencia como "un conxunto integrado de formulacións de índole educativo, que tratan de argumentar e de xustificarunha serie de comportamentos e de actuacións concretas que se adoptan normalmente dende unha perspectiva de centro, para previr e facer fronte aos problemas de disciplina"

No noso centro apostamos por un modelo de xestión democrático da convivencia relacional e integrado que, seguindo a Torrego Seijo (2006), se caracteriza por:

- A resolución do conflito a través do diálogo entre as partes. Para iso haberá que ter en conta:

o **Reparación**. A vítima recibirá unha reparación directa material e/ou moral.

o **Reconciliación**. Co propósito da mellora da relación entre as partes. a vítima recibe unha reparación e o agresor libera a súa culpa ao sentirse perdoado. O diálogo é unha ferramenta básica neste modelo.

o **Resolución**. Formula un diálogo sincero para que os conflitos subxacentes (conflito de intereses, necesidades, valores ou relación) poidan ser escoitados e, polo tanto, atendidos e resoltos a través do acordo.

- Un sistema de normas (do centro, aula,...) elaboradas participativamente de modo que poidan ser interpretadas polos seus usuarios como un pacto de convivencia.

Precísase "un marco protector do conflito", que supón un traballo educativo sobre algúns elementos que afectan aos comportamentos antisociais e aos conflitos de disciplina: introducir cambios no currículo escolar facéndoo máis inclusivo e democrático, favorecer a colaboración das familias co centro educativo, tomar medidas que afronten a influencia do contexto social próximo do alumnado, revisar o clima e as interaccións da aula (interacción verbal e non verbal, discurso docente, estilo motivacional e reacción inmediata á disrupción) e deseñar e desenvolver medidas organizativas directamente relacionadas coa mellora da convivencia.

A Comisión de Convivencia ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na Lei de Convivencia, no Plan de Convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

A Comisión de Convivencia estará composta polas persoas representantes do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións.
Manterán tres reunión anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seusmembros. A Comisión de Convivencia elaborará, ao inicio de cada curso escolar, un proxecto coas actuacións anuais do Plan de Convivencia que se incorporará á Programación Xeral Anual.

A composición deste equipo estará formada polos seguintes membros:

- Presidente
- Secretaria

- Representantes do persoal docente
- Representante do persoal non docente
- Representantes das familias e da ANPA

**COMPETENCIAS**

-Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

-Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

-Impulsar acciónsdirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

-Proporaoconsello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuaciónsdesenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

-Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

-Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

-Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

-Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado aoconsello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

-Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

## 3.8- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

A nivel interno do centro reunímonos periódicamente para asesorar nos procesos de axuste e desenvolvemento das programacións de nivel, medidas de atención á diversidade,seguemento das adaptacións curriculares ou do alumnado repetidor ou con materias pendentes.Asemesmo nas reunións de avaliación coméntase o seguemento de cada alumno/a.

